

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12..

SESION ORDINARIA DO 26 DE SETEMBRO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Figueroa Vila, José M., (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Piñeiro López, Ángel, (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e seis de setembro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín,

González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello, sesión ordinaria convocada por orden do día en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(168).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 18.07.2018).

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 18 de xullo do 2018.

2(169).- COMPARECENCIA DE D^a YOLANDA FORTES ROSENDO, PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN QUERENDO, PARA EXPOÑER O PROBLEMA DAS MULLERES QUE PADECEN ENDOMETRIOSE. (REXISTRO PLENO 1859/1101).

PRESIDENCIA: Benvida D^a Yolanda Fortes, entra na parte de comparecencia de persoas non membros deste Pleno, ten aproximadamente 5 minutos para falar do tema despois de ter recibido a súa solicitude, estamos encantados de que estea

aquí con nós, súa é a palabra.

SRA. FORTES ROSENDO: Bos días a todos, moitas gracias por esta invitación, é un pracer, vou ser breve polos 5 minutos, intentarei que sexan menos.

Eu quería falar de que probablemente o tema da endometriose non se haxa escoitado aínda moito, excepto de persoas que sufrimos a enfermidade, dalgún médico que intervira nos xornais, pero o que votamos en falla é que todo iso non apareza en carteis do SERGAS, campaña publicitarias que respalden algo que é unha realidade na actualidade. Agora mesmo o que necesitamos é facer un chamamento público porque é unha enfermidade que está silenciada pero realmente non ten nada de silenciosa, non me estenderei na descripción que xa está na moción que nos ocupa, pero si quero destacar nalgunha serie de datos que poden soar un pouco fríos e máis vindo de min, pero é que unha de cada 8 mulleres sofren neste caso un dos síntomas máis relevantes da endometriose que é a infertilidade. Máis de 8000 viguesas actualmente temos endometriose e realmetne se facemos cálculos do que tería que atender, xa non só no complexo hospitalario Álvaro Cunqueiro senón en Povisa, estanos a falar dunhas 1.200 viguesas que non teñen unha atención adecuada; o máis importante para min é non só os doores que produce a enfermidade senón todo o que leva consigo a nivel incluso non só de infertilidade senón de intestinos, de riñóns, é unha enfermidade que afecta a moitos órganos, non só ao tema de ter fillos, o promedio de diagnóstico é de 8 anos, 8 anos tardan en diagnósticarnos unha enfermidade que eu non recomendo nin ao meu peor enemigo os doores que nos chega a producir e todo o que leva consigo.

E cal é o problema principal que nos atopamos neses 8 anos? Que nos consideran asintomáticas, cando imos a consulta do médico as palabras tradicionais son, polo mero feito de estar no outro lado e sentirnos mulleres, é dicir, "estas estresada, estas cansada, tes que durmir máis, tes que cambiar a alimentación", non, non somos asintomáticas, os síntomas son reais e non proceden de aquí, proceden de estudos que demostran que todo iso ten unhas consecuencias físicas bastante complicadas.

Cando no 2012 o Ministerio de Saúde aprobou unha guía de coidados, é como se viramos a luz, esa guía chegou ao SERGAS, chegou tamén da de querENDO,

pensamos que non chegara dende Madrid pero si que chegou, pero claro é coñecida pero non se aplica, de que nos serve entón todo o traballo previo.

En Galicia non existe unha unidade multidisciplinar de endometriose. É estamos no século XXI vos podedes imaxinar, e perdoar que vos tutee, os cartos que nos aforraríamos se o diagnóstico fora correcto e no temo que realmente se merece a enfermidade? O aforro sería increíble, en sanidade, no SERGAS, no tempo, en saúde e sobre todo en benestar.

Ata o de agora estivemos apoiadas polo complexo hospitalario de Cíes, o hospital Xeral Cíes coas doutoras María Vieitez e Helena Rodríguez pero cando saiu en prensa hai moi pouco falando o doutor Dr López, xefe do Servizo de Xinecoloxía do Álvaro Cunqueiro, e dixo que non había realmente nada ao que amarrarse e como se nos viñese o mundo abaixo.

É unha enfermidade crónica nos poden operar, eu estou operada, a vida deume dous fillos, téñolle que agradecer a doutora D. Helena Rodríguez que eu collera ese trance, esa novidade no antigo hospital Xeral de Vigo pero é unha enfermidade crónica, temos que convivir con ela, necesitamos que o noso médico de cabeceira saiba cales son os nosos síntomas, que entendan que está aí, que as carreiras se tomen en serio que é unha enfermidade, que trae consecuencias non só de saúde senón todo o uso que facemos da Seguridade Social nos nosos anos posteriores e nada, simplemente agradecer que fagades un esforzo para valorar, que non se quede no tema da sanidade que tamén chegue aos colexios e institutos sobre todo para estas nenas que asumen que a regra doe e a regra non ten que doer, o que doe son as consecuencias paralelas que produce a endometriosis.

Foi un pracer estar aquí, espero que as miñas palabras os cheguen profundo.

PRESIDENCIA: Moitas gracias D^a Yolanda Fortes pola súa intervención.

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Grazas á asociación querENDO por tentar reivindicar dende tódolos ámbitos posibles e neste caso, hoxe aquí, dende este Pleno os dereitos das mulleres a ser escoitadas.

Dende o grupo municipal da Marea de Vigo reiteramos o noso apoio ás mulleres da asociación en tódalas súas reivindicacións e demandas e concordamos coa exposición feita hoxe aquí.

Ao igual que outras doenzas que afectan só ás mulleres, existen multitude de carencias na sanidade pública á hora de enfrontalas, do mesmo xeito existe un alto grado de descoñecemento por parte das propias mulleres que afecta á hora da diagnose, o caso da endometriose é unha desas cargas invisibles que moitas mulleres levamos ás costas e que pola falla de interese que se nos trata cando a padecemos, pode mesmo considerarse como unha forma máis de violencia á que as mulleres estamos sometidas, violencia pasiva por non sermos escoitadas debidamente cando nos queixamos dunha dor que en casos limita, noutros paraliza, e nalgúns mesmo se chega a perder o coñecemento pola súa intensidade, máis como sempre se nos dixo que iso son cousas de mulleres, que sempre nos estamos a queixar, que somos unhas histéricas, pois mesmo nos sentimos culpables por ter tales doenzas e nos chegamos a preocupar insuficientemente da nosa propia saúde facéndonos oír, esixíndolle aos servizos sanitarios correspondentes que nos atendan adecuadamente e se preocupen polos nosos problemas de saúde, problemas específicos das mulleres.

O caso da endometriose é especialmente grave, xa que segundo os datos esta afecta ao 10% das mulleres en idade fértil, nós hoxe aquí queremos esixirle á consellería de Sanidade que dea cumprimento á moción aprobada por unanimidade no Parlamento galego o pasado 22 de abril de 2015, moción na que se recollía moitas das demandas das mulleres afectadas pola endometriose que de ser elevadas á realidade axudarían en moitos aspectos a mellorar a situación.

É preciso que dende as institucións e dende o papel que todos nós chegamos a elas, se mellore estas situacións instando a aplicación de tódalas medidas necesarias, no que ten que ver co propio sistema de saúde como a creación de unidades multidisciplinares compostas por profesionais das diferentes especialidades vinculadas á doenza, no que atinxe á atención primaria, garantir a existencia de consultas específicas e suficientes nos hospitais e centros de saúde, do mesmo xeito que achegar a formación específica e precisa ao persoal sanitario, todas elas medidas que de ser aplicado ou aprobado na moción do 2015 no Parlamento, estarían funcionando, máis non é así, tal é como tamén denuncian

dende a asociación querENDO e incluso o Partido Popular tivo a desvergoña de votar en contra doutras iniciativas que tiñan contido similar e relativo ao mesmo tema, isto é intolerable, e semella que entre as prioridades do Partido Popular non está a mellora da situación con respecto á endometriose, máis dende esta propia institución tamén se pode facer moito, sobre todo no tocante á mellora do coñecemento sobre a enfermidade e da enfermidade das mulleres e das enfermidades da sociedade en xeral, pódese impulsar campañas informativas incluso nos centros educativos, dando a coñecer a doenza para tratar de actuar na medida do posible os tempos da diagnose, así como outras campañas específicas xunto á asociación difundindo información á veciñanza a través dos medios e por diferencias vías.

Dende este grupo municipal, poñémonos a súa disposición para contribuír en todo o necesario e facer realidade tódalas demandas polas que levan anos loitando, consideramos que xa era hora de aplicalas e dende logo, dende esta institución é onde as competencias que lle corresponden pódese facer moito á marxe das responsabilidades da Xunta de Galicia e da consellería ás cales reiteramos a esixencia de levar a cabo o aprobado.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Bos días á representante do colectivo querENDO, a verdade que é moi importante que determinadas enfermidades que son moi descoñecidas teñan visibilidade, sobre todo porque iso contribúe a axudar a todas aquelas persoas que poden estar padecéndoas sen sabelo, que teñan os síntomas e non o saiban e tamén estean a vivir a verdade que situacións bastante dramáticas. Nós queremos dar todo o noso apoio á actuación deste colectivo, queremos dicir que poden contar co grupo municipal do Partido Popular pero para traballar en serio, para conseguir as peticións que estades propoñendo, que hoxe estades a propoñer aquí e que ademais formulades aquí nesta moción, porque cremos que é importante, cremos que como dicías é unha enfermidade descoñecida pero non é silenciosa e que iso é suficientemente importante como para que todo o mundo teña coñecemento dela, eu creo que hai tres eixos que mencionaches e que se mencionan tamén nesta moción, que a min me parecen fundamentais que é a investigación, a formación, e a información, hai que investigar esta enfermidade para saber moito mellor cales son tódolos seus síntomas, hai que formar a tódolos

profesionais para que sexan capaces de detectala cando unha muller acude a unha consulta con eses síntomas e con ese problema, e logo hai que informar tamén a tódalas mulleres para que sexan coñecedoras deses síntomas para saber se elas o están padecendo.

Tamén me parece moi importante os problemas de infertilidade, eu creo que iso ademais causa problemas psicolóxicos en tódalas mulleres que o padecen e é unha consecuencia grave desta enfermidade e por tanto tamén me parece importante que dende as unidades de fertilidade de tódolos hospitais e do Servizo Galego de Saúde tamén se teña en conta e tamén se potencien esas unidades para axudar a tódalas mulleres que padecen esa enfermidade a intentar polo menos e a conseguir a maternidade, ti puidiches conseguir que outras mulleres coma ti conseguiran ser nais.

Polo tanto, todo o noso apoio, eu creo que isto non pode ser unha cuestión de demagogia nin de rife rafe político, hai que poñerse a traballar, a axudar e dende logo contades coa nosa colaboración para trasladarlle ao SERGAS todas esas demandas e todas esas necesidades que tendes no colectivo.

SR. RODRIGUEZ ESCUDERO: En primeiro lugar no nome do grupo Socialista darlle a benvida e expresar a nosa gratitude á representante do grupo querENDO, primeiro por estar presente neste Pleno, a máxima representación da vontade popular, e segundo polo proceso de sensibilización social e política que leva consigo a actuación desta asociación querENDO; polo tanto, a nosa gratitude e o noso apoio a tódalas reivindicacións que vostedes propoñen e un apoio non demagórico porque isto non é demagogia é, porque como sempre digo ás veces se confunde a demagogia coa política e a política é precisamente o compromiso cos valores dos cidadáns, da sociedade e neste caso cos valores dun problemas social de primeira magnitude como é o tema por suposto, da endometriose.

Estamos ante unha enfermidade complexa, é unha enfermidade que en si mesma se inclúe non para todo o mundo pero si dentro do grupo das enfermidades autoinmunes pero é fundamentalmente un problema de saúde pública e polo tanto de política sanitaria no mellor sentido de compromisos cos valores da sociedade e os dereitos dos cidadáns, neste caso das mulleres, porque afecta a un, como dicía vostede na súa intervención, a unha de cada 10 persoas, en España a máis de

dous millóns, a 190, segundo estadísticas en todo o mundo, porque ten un gran impacto en custes non só directos e económicos para as persoas que o sofren senón realmente para o grupo social onde está inmersa esa persoa, aproximadamente dun 12.000 dólares, son as últimas estadísticas nese caso e polo tanto, e ten outro elemento cualitativo máis importante que é precisamente nos anos onde a muller pode realizarse profesionalmente e progresar profesionalmente é cando máis incide esta enfermidade e polo tanto onde é unha latente ameaza para o seu crecemento como persoa, como muller e como realmente como a súa capacidade de progreso profesional, e isto é moi importante. Entón estamos falando doutra dimensión da endometriose como enfermidade asociada e estamos a falar da endometriose como algo que se quere eludir, insisto, non é demagogia é compromiso político, é unha enfermidade de xénero porque nomear a endometriose sobre a base de xénero é unha cuestión de xustiza social porque existe unha discriminación no aceso, en función precisamente do xénero e en función de onde está situada a muller e o coñecemento que se ten previo, polo tanto, é un problema de alta política sanitaria que se relaciona con valores como a accesibilidade, como a igualdade, e non ten nada que ver con medios puntuais ou comisións puntuais a COP que algo diferente. E polo tanto, é algo que realmente temos que concibilo así ou non o podemos entender de ningunha forma e nese sentido ademais de manifestar a nosa gratitude o grupo Socialista que honra representar aquí neste caso nesta moción, ten todo o apoio para que a partires de agora podamos levar tódalas medidas vostedes propoñan para ter a maior dimensión e proxección social e política de verdade.

PRESIDENCIA: Moitas grazas D^a Yolanda Fortes pola súa comparecencia, pola exposición brillante, clara que fixo da gravidade desta enfermidade, do impacto global que propoñía o Sr. Rodríguez Escudero, pero quería instarlle a que nos reuníramos o antes posible a asociación co goberno de Vigo, co Alcalde, para programar accións e formas de trazar isto cara o futuro para que non se quede só nunha comparecencia neste Pleno e co apoio que leva de todo o Pleno senón para que entremos nas cuestións concretas e dende a forza do goberno de Vigo, que é moita, ter a capacidade de transmitir socialmente pero aos reitores da sanidade de Galicia e aos reitores de toda a investigación tódalas demandas, tódalas

necesidades e todo o que vostedes propoñen dende o seu dereitos e dende a capacidade que conxuntamente imos ser capaces de desenvolver. Moitas grazas e o camiño comeza e seguimos xuntos.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

ORZAMENTOS E FACENDA

3(170).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 10.09.19, POLA QUE SE APROBAN AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2019. EXPTE. 56/142 (REXISTRO PLENO 1868/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 10 de setembro de 2018, que di o que segue,

“De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, abriuse a plataforma do Ministerio de Facenda para remitir as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2019.

ANTECEDENTES

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Función Pública información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Con data 24 de xullo iniciouse o procedemento para a formación e aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2018.

En cumprimento da Resolución de esta Alcaldía de 31 de xullo de 2018, polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ditáronse as directrices para a proxección do Orzamento do ano 2019, que figuran no documento anexado ao expediente con data de sinatura de 01/08/2018 .

Coa data da sinatura electrónica que figura no informe, emitíuse pola intervención informe para valorar as Liñas Fundamentais do Orzamento.

Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC - 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2019.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión das mesmas antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2018.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 19.09.18, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso efectivamente para dar conta da rendición de contas ao Ministerio Facenda das Liñas fundamentais do Orzamento 2019, que foron presentadas en tempo e forma durante a primeira quincena do mes de setembro, despois de elaborar esas Liñas durante o pasado mes de agosto. Liñas que recollen as directrices xerais do Orzamento para o 2019 e que serán uns orzamentos estratéxicos para a cidade por canto supoñen mellorar as condicións de vida das cidadás/áns que viven nesta cidade que visitan tamén esta cidade, en definitiva, nesa liña de facer unha cidade mellor non só para os nosos fillos e os nosos pais senón tamén para os nosos avós e os nosos netos, polo tanto, seguen nesa liña de facer unha cidade máis accesible, máis sostible, máis atractiva, máis favorecedora da vida económica, da vida social das persoas, da educación, en

definitiva do benestar das persoas que viven, que vivimos na cidade de Vigo. Orzamentos que farán unha cidade mellor e que farán que esta cidade siga avanzando mentres que outras cidades preto no contesto de Galicia, seguen aínda ancoradas no ano 2015, onde aínda nesta lexislatura non aprobaron ningún orzamento, nós na cidade de Vigo, o goberno de Vigo traballa a reo día a día e traballa a reo tamén para contar cun orzamento para 2019.

Liñas Fundamentais que veñen marcadas tamén como xa se fixo mención no anterior Pleno pola conxelación de impostos o que supón unha baixada dos tipos nominais, temos en conta que a inflación creceu lixeiramente, o mantemento dos tipos impositivos contribúe a unha baixada real dos impostos para este Concello, posto que nin se soben os tipos do IBI, nin se soben os tipos do IAE, nin soben os tipos do imposto de vehículos, nin se soben ningunhas taxas nin prezos públicos municipais como os das escolas infantís por poñer un exemplo, polo tanto, en termos de redución de tempos e presión fiscal moderada e baixa para esta cidade que como dicía no anterior Pleno, ten a presión fiscal máis baixa das cidades de Galicia.

Hai que dicir tamén que nestes termos se manteñen os ingresos que se perciben do Estado, polo tanto, os orzamentos se elaboran nunha liña de autonomía fiscal, é dicir, nunha liña de contar cos recursos propios para este Concello sen que se perciban maiores achegas de ningunha outra administración e que segue estando desaparecida no financiamento de infraestruturas e no financiamento de servizos nesta cidade é a Xunta de Galicia, polo tanto, o esforzo dos vigueses é o que contribúe a que sexan uns orzamentos feitos con recursos propios e polo tanto, cun alto nivel de autonomía e de sostibilidade.

A liñas de gastos seguirán as directrices de facer un orzamento cun esforzo inversor grande, potente, no que como dicía os investimentos se farán con recursos propios deste concello e como xa saben tamén cos recursos que proceden de Europa no programa Edusi que farán esa transformación de todos esas contornas da cidade e coas achegas que fai tamén a Deputación de Pontevedra, se incorporarán tamén polo tanto, ingresos desas administracións para facer fronte aos gastos plurianuais tamén que temos comprometidos.

Pero tamén será un orzamento que siga na senda do Orzamento social, do Benestar Social e do apoio aos sectores que así o precisan na cidade, coas axudas

ás persoas maiores que precisan das axudas de asistencia no fogar, que precisan tamén dos servizos de asistencia ou de teleasistencia, ou das persoas que precisan tamén axudas en situacións de necesidades tamén, apoiando a educación viguesa, as familias de Vigo que tamén verán nunhas partidas nestes orzamentos.

Polo tanto, Orzamentos tamén de carácter social pero orzamentos tamén que van na liña de garantir a boa calidade dos servizos públicos como así os reflicten as enquisas que fai o observatorio de servizos urbanos que cualifican os servizos públicos de Vigo como uns servizos excelentes por parte da cidadanía e como digo, partidas que van adicadas a satisfacer eses servizos públicos e a manter e a mellorar eses servizos públicos de calidade, ao tempo que tamén apoiarán ao emprego e emprendemento nesta cidade que como sabemos todos os que vivimos nesta cidade é unha cidade activa, dinámica, emprendedora, moderna e polo tanto, nesa liña é por onde irán os orzamentos para o ano 2019, garantíndose así a sostibilidade das contas públicas, mantendo tamén esa capacidade para facer o pago a provedores no prazo máis curto posible, de forma que os provedores vexan reducir as súas pensións de tesourería e en definitiva garantindo a estabilidade, a sostibilidade e as boas regras de xogo, as boas finanzas sólidas deste Concello.

SR. PÉREZ CORREA: Outra vez volvemos dicir o mesmo sobre as intervencións do concelleiro de Facenda, que as cuestións publicitarias ou as palabras que poden valer para un spot publicitario están ben, pero vostedes nos presentan “n” veces xa un documento que contén datos económicos e contén previsións e números que vostede tamén tería que clarexar, en todo caso nós tamén sabemos e somos copartícipes dese bloqueo que acabamos de sufrir tanto esa proposta común do Partido Socialista, de Unidos Podemos -En Marea e do grupo de Compromís para intentar que a Lei de estabilidade non sega sendo unha mordaza que impida desenvolver uns orzamentos, precisamente hoxe imos falar do local que precisamente axuden á autonomía local e ao municipalismo progresista, sabemos que esa pretensión do goberno do Partido Popular de que o Senado sega funcionando como un instrumento de veto á lei de estabilidade, polo tanto, que condicione gran parte do desenvolvemento económico dos orzamentos, sabemos que iso limita aos concellos, pero tamén temos unha comisión mixta, nós Unidos Podemos-En Marea, e vós o Partido Socialista precisamente para avanzar naquelas

cuestións que en materia orzamentaria podamos unha vez, non sei se de deu conta o Partido Socialista que xa non goberna o Partido Popular, que xa hai responsabilidades políticas do Partido Socialista e que o queremos son avances en materia de financiamento municipal e en materia de autonomía fiscal dos Concellos, por agora sabemos que hai ese bloqueo, sabemos que a Mesa do Congreso condiciona moitas cousas, outra cousa sería se analizáramos quen sería ou quen ostentaría a presidencia da Mesa do Congreso de non absterse ao inicio da lexislatura o Partido Socialista a efectos de que non estivera o Partido Popular nesa mesa do Congreso bloqueando determinadas cuestións, pero o que queremos falar aquí é da documentación que vostede pon, é certo que non se pode avanzar en modificacións da Lei de estabilidade orzamentaria, é certo, nos gustaría que non interactuara as Liñas Fundamentais Orzamentarias que marcou o Partido Popular pero aquí hai algunhas cuestións que para nós si que hai autonomía local, ou polo menos hai marxe de manobra por parte do Concello de Vigo para intentar levar adiante outro tipo de políticas, vostede di que non hai incrementos de financiamento doutras administracións e o seu propio documento fala dun 3,7% precisamente nese capítulo que ten que ver cunha parte para nós que tería que ser auditada co Servizo de Axuda no Fogar pero que se incrementa en 700.000 euros, é dicir, doutras administracións aquí aparecen máis transferencias, o que teríamos que pedir é máis transferencias do Estado ademais agora que goberna o Partido Socialista e poderíamos ter seguramente a maior capacidade negociadora incluso tendo o Alcalde como presidente da FEMP, non hai pola contra, e vostede o recoñece, aumento ou previsión de aumento de transferencias por parte do Goberno do Estado ao Concello de Vigo, pero si que queríamos pararnos nalgúnhas cuestións que para nós son bastante perigosas, unha delas ten que ver co capítulo II dos gastos, gastos en bens correntes aos servizos, debemos ser o único concello europeo onde un capítulo que debería ser irrelevante no gasto de bens correntes e servizos porque aquí estamos a falar de limpeza viaria, estamos a falar de servizos esenciais e ese incremento do 2,1% un dos condicionantes son as luces de Nadal, debemos de ser o único Concello e as luces de Nadal coas que nós non estamos en contra, ao contrario, queremos que tódolos barrios as teñan, terá que ser ponderadas a un gasto racional con respecto ao que son os gastos totais dun Concello en materia de bens correntes e servizos, se aparece as luces de Nadal

como un gasto significativo temos un problema de prioridades ou non sabemos o que debería ser o gasto público nos momentos ademais como vostede di van facer unha recadación menor, non porque queiran conxelar por unha decisión de vontade, de incentivar o consumo cidadán ou porque consideren que non haxa que subir os IPCs senón porque estamos en ano electoral e sempre e a parte é unha tradición bastante arraigada neste Concello, cando hai ano electoral se conxelan as subidas do IPC e logo xa as aplican ao resto dos tres anos porque a xente segundo vostedes ten memoria de peixe e non lembran esas cousas, a nós parécenos que isto tería que ter unha explicación por parte do concelleiro de Facenda e logo está tamén que vostedes recoñecen que non se van executar os investimentos do ano 2018, poñen aquí, o Plan de Investimentos do ano 2019 sen tomar en consideración aqueles investimentos que figuran no Orzamento do ano 2018 que por razón técnicas non chegaron a ser adxudicados no 2018, están recoñecendo que teñen un problema de adxudicación do capítulo de Investimentos, algo que este grupo municipal e creo que incluso o grupo do Partido Popular levámoslle dicindo toda a lexislatura, que a maior parte dos investimentos non se executan e vanse pasando de exercicio a exercicio, xogando con que parece que dúas humanizacións da mesma rúa son dúas humanización diferentes porque están en exercicios fiscais diferentes. Polo tanto, a nós nos gustaría un pouco máis de ambición na súa proposta.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Aneiros, creo que estas Liñas do Orzamento do ano 2019 mostran unha vez máis o que levamos dicindo non Partido Popular durante moito tempo, estas liñas de Orzamento o que demostran Alcalde é que temos un goberno sen ideas, sen proxectos, cun proxecto absolutamente esgotado que non é capaz de presentar nin a máis mínima ilusión cando estamos afrontando nada máis e nada que un novo Orzamento o do ano 2019, presentan vostedes máis do mesmo, di vostede Sr. Aneiros o de sempre, aquí non hai nada para contrarrestar os problemas que ten esta cidade, aquí non hai nada para contrarrestar a progresiva perda de peso industrial que ten Vigo, aquí non hai nada para contrarrestar a perda de poboación que temos na nosa cidade, non hai nada para contrarrestar que seguamos sendo a cidade de Galicia que ten máis paro, aquí non hai nin unha soa medida que estea adaptada ao que necesitan día a día os

vigueses, esa é a realidade, só saben vostedes cortar e pegar, orzamento tras orzamento, presentarnos exactamente o mesmo e por certo despois ser incapaces de executalo, ese é o escenario dende logo desesperanzador que nos están ensinando neste Orzamento e iso que estamos e que a vostedes lles gusta moito porque xa están en campaña electoral dende hai moito tempo, facer anuncios de campaña electoral, pois ben, a realidade, cando imos a realidade, cando imos aos papeis máis do mesmo, máis do mesmo que non serán nin sequera vostedes capaces de executar, como vimos no último Pleno que tivemos, cunha execución de investimentos que apenas chega ao 7%, esa é a súa realidade, como realidade é o que propoñen para o capítulo I de Gasto de Persoal, o único que sube é gracias á subida que aprobou o goberno do Partido Popular, o goberno do Sr. Rajoy para os funcionarios nese acordo con tódolos sindicatos, esa é única novidade que propoñen vostedes neste capítulo, en Gastos de Persoal, pero cando van a executar e materializar dunha vez tódalas ofertas públicas de emprego que temos pendentes incluso dende o ano 2014 e que son vostedes incapaces de sacar, por que seguen precarizando o emprego público do Concello de Vigo, tirando de listas de interinos, xa levamos 150 no que vai de ano, nada máis e nada menos, precarizan vostedes o emprego público, por certo e lle quería preguntar moi especialmente porque non hai nin unha soa referencia a un acordo plenario que o pasado 5 de abril aprobamos aquí e que facía referencia a acabar coa discriminación que ten a Policía Local en relación aos Bombeiros nas súas retribucións, vostedes votaron a favor, se comprometeron a acabar con esa discriminación e en cambio aquí nestes escenarios, cando analizan o capítulo I non aparece ese referencia por ningunha parte, me gustaría que me contestara e que me dixera se efectivamente para o ano 2019, para os orzamentos, os Policias Locais van a ver eliminada esa discriminación que teñen cos bombeiros, pero tamén hai moitas outras cousas que aparecen nestes Marcos Orzamentarios que non nos gustan, non nos gusta novamente que teñamos un goberno que só pensa en ingresar, porque vostede pode contarnos outra vez que van conxelar os impostos e taxas pero a realidade é que xa prevén vostedes ingresar máis que o ano pasado, por que non baixan os impostos, por que perden a oportunidade de facer xustiza cos vigueses/as e baixarlle os impostos que neste momento están angustiados, asfixiados a impostos, que están recibindo o recibo do IBI e están

vendo como no ano 2018 están pagando máis que no 2017 e pagaron máis que non 2016 e así sucesivamente, con vostedes xa sabemos o que vai pasar con este orzamento e con este escenario que nos presentan, que os únicos que van cumprir o orzamento son os vigueses pagando os impostos, pero dende logo vostede van a recibir eses cartos, para despois que? Despois seguir sumando eses máis de 100 millóns de euros que teñen vostedes na caixa e que non lle serve aos vigueses absolutamente para nada.

Por certo, que fixeron co millón de euros que se aforraron do IVE da subvención a Vitrasa, sabe vostedes como están os traballadores de Vitrasa? Van comezar a mobilizarse, igual dos traballadores da ORA que xa falaremos dentro dun rato coa nosa moción, Sr. Alcalde as concesionarias non son as que mandan nesta cidade, ten vostede que exercer como Alcalde e aquí quen manda é a administración que paga porque é a representante dos cidadáns que pagan e vostede o que está permitindo é que os donos desta cidade sexan as concesionarias públicas que fan a seu antollo, que tratan aos traballadores como queren e que en definitiva prestan un servizo cada día máis lamentable nesta cidade, esa é a realidade do que está pasando. Claro, vostedes sempre ten terán un anuncio publicitario, unha infografía que presentar nos xornais para intentar facernos ver o branco negro, pois xa se acabou, xa non nos van facer ver o branco negro nunca máis.

SR. ANEIROS PEREIRA: O primeiro que sorprende é que están enxuizando un documento que aínda non coñecen, que é o Orzamento e aquí estamos a analizar as Liñas Xerais do Orzamento para o 2019 que foron remitidas ao Ministerio de Facenda, polo tanto, hai algunhas manifestacións que son cando menos imprudentes e cando menos fallas de rigor nalgún sentido.

Miren, os orzamentos para 2019 teñen, terán todo o que esta cidade precisa, garantirán o nivel de vida dos cidadáns de Vigo, os servizos públicos de Vigo, esa mellora constante da cidade de Vigo, polo tanto terán todo aquilo que esta cidade precisa e creannos porque este goberno sabe o que a cidade precisa. Este goberno traballa 24 horas ao día durante os 365 días do ano, non como outros, traballa 365 días ao ano e sabe moi ben o que precisa a cidadanía, efectivamente hai un problema Sr. Pérez Correa, no Parlamento do Estado coa aprobación do Teito de Gasto e da Norma de Estabilidade, o certo é que esa negociación que se estaba a

facer no Parlamento do Estado está circunscrita fundamentalmente ás comunidades autónomas e ao propio Estado que é a onde vai dirixida, por tanto en termos de corporación locais, de concellos, movémosnos nos mesmos termos de equilibrio, de sostibilidade que nos viñamos movendo noutros anos, pero eu pensei que vostede me ía a falar non das luces de Nadal senón das partidas que vostedes debería valorar nun orzamento, que son as das axudas ás familias, o servizo de Axuda no Fogar, o Servizo de Teleasistencia, de bolsas de comedor, bolsas de libro, as axudas ao alugueiros, os desafuizamentos, as bolsas de inglés, o cubrimento das pistas dos colexios, as bolsas, o mantementos dos colexios, cousas que a Xunta de Galicia non fai, políticas deportiva, política de mantemento de servizos públicos, iso é o que tiña que enxuizar, non unha partida en concreto que por certo non sabe a cifra exacta que está no orzamento e que non está digamos enxuizada e que por outra parte potencia e promociona á cidade e fai que visiten a cidade cada vez máis persoas e que Vigo sexa unha cidade referente non só en Galicia senón no resto de España, pero como dicía esas liñas reforzan a actuación do goberno municipal en facer un orzamento inversor, en facer un orzamento que potencia o benestar da cidadanía, que garanta a prestación de servizos públicos de calidade como é a recollida de lixo, a vixilancia nas praias, o servizo de seguridade, o de vixilancia de Bombeiros e si Sra. Muñoz, nós cumprimos os nosos compromisos, nós si que cumprimos, nós dicimos unha cousa cando gobernamos e cando estamos na oposición, non como vostedes que din unha cousa cando están na oposición e unha outra cousa cando están no goberno. Nós si que cumprimos tódolos compromisos, polo tanto, cumpriremos tódolos compromisos neses orzamentos para 2019.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio

en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4(171).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, PROPOÑENDO AO PLENO A INSTAR Á COMISIÓN EUROPEA A RETIRADA DA PROPOSTA DE REGULAMENTO DO PEPP (PRODUCTO PANEUROPEO DE PENSIÓNS INDIVIDUAIS) E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1873/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de setembro de 2018, número 1873/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Moción do Movemento Galego pola Defensa do Sistema Público de Pensións (MODEPEN) para instar ao goberno municipal do Concello de VIGO a que se dirixa ao Parlamento Europeo para que rexeite a creación dun produto paneuropeo de pensións individuais (PEPP) proposta pola Comisión Europea.

Exposición de motivos:

En xuño de 2017 a Comisión Europea (CE) remitiu ao Parlamento Europeo (PE) unha Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre un produto paneuropeo de pensións individuais (PEPP). Da proposta dedúcese que:

1- O PEPP ten como primeiro obxectivo a creación dun mercado de capitais europeo dentro do “Plan de acción da Comisión para a creación dun mercado de capitais de setembro de 2015”¹. A proposta da CE afirma que “Un mercado de pensións europeo de ‘terceiro pilar’ de maior tamaño impulsaría tamén a achega de fondos de investidores institucionais”. O PEPP non é, polo tanto, un instrumento de protección social, senón un mecanismo de acumulación de capitais.

2- A CE renuncia ao obxectivo de as pensións públicas seren suficientes, “o Informe sobre adecuación das pensións de 2015 concluíu que o aumento dos aforros adicionais ... destinados á xubilación podería ... mitigar as repercusións dunhas pensións máis baixas dos réximes públicos nalgúns Estados membros ... as

pensións complementarias poderían desempeñar un papel chave nos ingresos por xubilación, en particular cando as pensións públicas poidan ser inadecuadas”.

3- Para promover a subscrición do PEPP a CE esixe que se establezan nos Estados membros desgravacións fiscais, “A fin de animar os Estados membros a concederen unha desgravación fiscal aos PEPP, a Comisión adoptou, xunto coa presente proposta, unha Recomendación sobre o tratamento fiscal dos produtos de pensións individuais, incluído o produto paneuropeo de pensións individuais”. As desgravacións fiscais polas achegas aos plans de pensións individuais son moi regresivas. As traballadoras e traballadores de salarios baixos non poden destinar ningunha cantidade a plans de pensións e polo tanto non desgravan. Son os perceptores de altos salarios e rendas do capital os que poden realizar grandes achegas e desgravar.

4- O PEPP abre un enorme espazo á valoración do capital financeiro. O valor de mercado das pensións individuais é de 0,7 billóns de euros. A CE calcula que, sen a introdución do PEPP, aumentará até 1,4 billóns en 2030 e, de se introducir o PEPP, até 2,1 billóns. O principal obxectivo da CE non é garantir unhas pensións dignas para as traballadoras e traballadores na idade da xubilación, senón como a Proposta repite unha e outra vez, “Obter máis capital e canalizalo cara a investimentos europeos a longo prazo na economía real”. Porén, debería ser o sector público, a través dun orzamento europeo moito maior que o actual, o responsábel de decidir e executar os investimentos necesarios para a economía e a sociedade europeas, por exemplo, para a transición a un sistema enerxético descarbonizado.

5- A Comisión Europea (CE) enmarca o PEPP na promoción da innovación financeira, “promover unha contorna que estimule a innovación no sector de produtos financeiros ... o que pode contribuír á súa vez á prestación de pensións axeitadas, seguras e sostíbeis”. Debemos lembrar que a innovación financeira estivo na orixe da crise financeira que estoupou con violencia en 2007 provocando nas economías dos países capitalistas desenvolvidos a maior crise económica e social desde a Segunda Guerra Mundial. Ademais a innovación financeira non garantirá pensións seguras, senón que contribuirá á acumulación de capitais en busca de valoración e á inestabilidade financeira que se desencadeou a partir dos procesos de financeirización da economía capitalista mundial. O despropósito e a irresponsabilidade chega ao máximo cando a CE suxire o investimento en “instrumentos derivados” de altísimo risco e que contribúen a incrementar de xeito exponencial a probabilidade e gravidade das crises financeiras.

6- A CE explica que o PEPP permitirá “garantir que os consumidores sexan plenamente conscientes dos elementos chave do produto”. A rendibilidade, ou a falta de rendibilidade, dos produtos financeiros é esencialmente incerta. Cómpre lembrar que na orixe da crise de 2007 está a creación e venda de produtos financeiros complexos construídos sobre hipotecas subprime. As tres grandes axencias de cualificación, Standar&Poor’s, Moody’s e Fitch, adxudicáranlles a eses produtos a cualificación de AAA, máxima solvencia, semanas antes de que o seu valor se reducira a 0. Alan Greenspan, presidente entón da Reserva Federal e máximo guru das finanzas mundiais, recoñeceu “aínda que era consciente de que

moitas de desas prácticas estaban a ter lugar, non tiña nin idea do significativas que chegaran a ser até demasiado tarde". Con estes antecedentes pretender que as traballadoras e traballadores "sexan plenamente conscientes dos elementos chave do produto" e dos riscos que corren só pode ser incompetencia ou cinismo.

7- A CE enumera os promotores do PEPP, "bancos, compañías de seguros, xestores de activos, fondos de pensións de emprego, empresas de investimento". De aprobarse polo PE o PEPP, producirase un desvío de posíbeis cotizacións sociais que poderían aumentar os ingresos dos sistemas públicos de pensións a empresas privadas que obterán importantes beneficios.

Polo exposto, e en base o artigo 35.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, instamos a esta Corporación municipal a tomar os seguintes

ACORDOS:

1.- Instar á Comisión Europea para a retirada desta proposta de Regulamento do PEPP.

2.- Instar ao Goberno Español para que propoña e apoie a retirada desta proposta no Consello Europeo.

3.- Instar aos Grupos Parlamentarios para que rexeiten dita proposta de Regulamento cando saia a debate na Comisión Europea.

4.- Instar ao Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para pedirilles que estuden as medidas necesarias para que os sistemas públicos de pensións garanticen unhas pensións dignas e suficientes.

5.- Instar ao Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para que promovan a eliminación das desgravacións fiscais das aportacións os fondos de pensións privados."

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Traemos aquí esta moción, unha moción que non é proposta por este grupo municipal senón que é unha moción que está sendo aprobada en moitos concello deste país, Pamplona, concellos como o de Madrid están a discutir en todos e cada un dos parlamentos autonómicos, no Congreso dos Deputados e cremos que Vigo como principal cidade de Galicia e ademais como cidade que tamén ostenta a través do seu Alcalde a presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias, e queremos introducir tamén este debate por dúas

cuestións, primeiro porque cremos que esta moción está trasladada por movemento que deu exemplo nos últimos meses de mobilización e de loita polos dereitos máis básicos das persoas pensionistas, neste caso do Movemento Galego de Defensa das pensións que como sabemos e como vostedes saben porque esta moción foi trasladada ao conxunto dos grupos municipais, estábamos incluso esperando que se trasladara como declaración institucional ou que houbera vontade por parte, cremos que do Partido Socialista, porque votou afirmativamente en moitos parlamentos, en moitos concellos, non tanto esperábamos unha proposta positiva por parte do Partido Popular entre outras cousas porque o Partido Popular europeo é o gran defensor deste modelo que quere instaurar a Comisión Europea e que vai inexorablemente por esa asunción das políticas derivadas de Maastricht e das políticas de estabilidade económica e das políticas de privatización do sistemas públicos de pensión, seguramente chegará a normativa do Estado, e ademais queremos traelo non porque non sexa como se di moitas veces, que isto non é unha moción que teña que ver con Vigo, dísenos, hoxe temos gran parte das mocións instando a outras administracións, nós queremos tamén poñer o foco sobre unha realidade que vive esta cidade, esta cidade xa non é a cidade dos grandes salarios industriais, esta non é a cidade dos grandes salarios obviamente do sector servizos, o sector precarizado ou un dos sectores incluso coa masa salarial máis baixa de toda a cidade, xa non temos os grandes salarios, antes os salarios polo menos minimamente dignos que existían en grandes empresas como Citroën, gustaríanos moitas veces cando se cita a Citroën que alguén vira cales son os salarios de entrada, cales son as condicións laborais desta fábrica hoxe en día, esta é unha cidade onde gran parte das familias se sustentan exclusivamente polas pensións, gran parte das familias poden manter certo nivel adquisitivo ou incluso subsistir grazas aos pensionistas e o queremos é poñer o foco sobre un problema que é o intento, o golpe do estado dos poderes do capitalismo financeiro, o golpe de estado dos grandes intereses monopolistas europeos sobre un sistema de protección herdado sobre todo despois da Segunda Guerra Mundial pola presión absoluta da esquerda política e sindical por dotar de sistemas de pensións públicas na maior parte dos países europeos, un sistema ademais que garantía a través dos orzamentos públicos, a través das cotizacións públicas unhas pensións que cando menos que se ían revalorizando con sentido ao que era o incremento da vida e o

que era o incremento do IPC e aparece a Comisión Europea con isto que se chama o produto Paneuropeo de Pensións que é un dos primeiros proxectos de produtos comúns de carácter financeiro, ademais cunha alta participación das empresas provedoras de seguros privados, entre eles o que chaman eles unha unión de mercados de capitais un mitin importante, dío a propia Comisión Europea, un feito importante cara a realización da unión de mercados capitais, o que queremos é que o Concello de Vigo saia tamén en defensa do conxunto das persoas pensionistas, era a ameaza brutal que significa que este produto Paneuropeo de Pensións que é algo así como dotar dun produto homologado para fomentar que as pensións públicas xa non se consideren que teñen que ser suficientemente garantistas ou que teñen que ter unha capacidade de garantir os ingresos mínimos senón que pouco menos que nos obrigan ou nos poñen un produto para complementar con plan de pensións privadas e incluso con Plans de Pensións de carácter profesional que é unha practica cada vez máis habitual.

Que propoñemos nós nesta moción? Pois que este Concello se posicione porque é certo que hai un debate sobre unha cuestión que non é meridiana como é revalorizar as pensións xa definitivamente consagrar a súa revalorización en base ao IPC pero tamén hai este debate que non debería estar furtado do debate político, de garantir que os nosos pensionistas e as nosas pensionistas non teñan que ir a estes produtos que marca a Unión Europea e que o que queren finalmente é que eses grandes poderes que xogaron un papel central na crise que vivimos a partires do 2007, que outra vez volvan a ter un instrumento de control de gran parte dos capitais financeiros e gran parte das reservas incluso ás veces públicas que teñen os estados para estas cuestións.

Esta moción está clara, instamos á Comisión Europea, instamos tamén ao Goberno español para que tamén faga esta debate análogo que é como imos a por unha vez por todas a garantir que as pensións se revaloricen pola carestía da vida, polos incrementos que sofren algúns produtos e polo tanto creo que é unha posición ou unha moción minimamente clara para que poidamos o Concello de Vigo ser a primeira gran cidade de Galicia que se posicione dunha maneira moi dura contra este sistema de produto Paneuropeo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Pérez Correa, sabe o que é o máis importante á hora de

falar de pensións que é algo moi importante, pois o máis importante é fuxir da demagogia, asegurar e garantir que este sistema de pensións que temos en España siga funcionando e sega ao menos funcionando como o fixo ata agora porque o noso sistema de pensións e de Seguridade Social é un dos piares básicos do estado de benestar, o noso sistema de Seguridade Social e de pensións, Sr. Pérez Correa, é un dos piares básicos do estado de Benestar, e o seu mantemento e a súa sostibilidade forma parte dos grandes consensos nacionais articulados a través do pacto de Toledo, e para isto e como para todo lles pediría máis responsabilidade e menos demagogia porque iso é o que esperan os cidadáns dos políticos e sexamos serios, mire, eu non lle vou a repetir as palabras dos seus socios en Madrid e en moitos sitios, seus compañeiros socialistas, socios de Podemos e da Marea, por exemplo do que dixo hai unha semana o exministro de economía o Sr. Carlos Solchaga, que dicía que os pensionistas que protestan nas rúas pola revalorización das pensións non teñen razón, iso dicíano o Sr. Carlos Solchaga o mellor ministro de economía socialista da historia, din que ningún dos pensionistas pagou ni a metade do que perciben e defendeu o Sr. Carlos Solchaga que deixar o sistema de actualización das pensións como está é moito máis prudente que volver ao IPC, ou sexa que é máis prudente deixalo como está, dino o Sr. Solchaga, ou podería tamén lembrar as palabras aquí do 28 de febreiro deste ano, cando o Sr. Aneiros presentou unha moción para falar de pensións e pediu unha serie de cousas que como dicía antes, é que vostede de profeta non se pode gañar a vida Sr. Aneiros, porque nin van a cumprir nin as cumpren, as cousas que vostede dicía hai uns meses, dicía “que si gobernaba o Partido Socialista”, Sr. Aneiros, fíxese, escoite “ían derogar a reforma laboral, ían poñer un imposto á banca para recadar máis, ían aumentar as pensións máis que o IPC ou que ían eliminar o factor de sostibilidade” que me di Sr. Aneiros, tería que vostede repasar o que di porque claro as veces a hemeroteca nos xogas estas pasada. Por iso o que lle pediría dende o Partido Popular é que sexamos serios, que afrontemos o debate sobre o sistema das pensións con responsabilidade, con diálogo e con consenso, non se pode estar Sr. Pérez Correa, en permanente campaña electoral sobre todo falando dun tema como é o das pensións, non se pode intentar sacar rédito político das pensións, por que? Pois hai datos moi importantes, por exemplo a día de hoxe case 10 millóns de españois viven da súa pensión, porque 4 de cada 10 euros do

Orzamento Xeral do Estado vai para as pensións, 145.000 millóns de euros de pensións, máis de 9.200 millóns de euros ao mes se pagan de pensións en España, a pensión media de xubilización xa ascende a 1.103 euros e o déficit da Seguridade Social está xa en 20.000 millóns e o fondo de reserva das pensións, aquel que a señora ministra socialista, esa que di que lle menten goles, pois resulta que a señora ministra de Traballo dixo que non se ía tocar o fondo de reserva das pensións pero agora di que si, que vai pagar a paga extra de decembro co fondo de reserva das pensións.

Por iso, do que ten que estar preocupado Sr. Pérez Correa, señores do Partido Socialista e señores cidadáns de Vigo é de que gobernen estes señores do Partido Socialista porque cando goberna o Partido Socialista é cando hai problemas coas pensións porque co goberno Socialista a Seguridade Social perdeu 3.500.000 de afiliados, co Partido Socialista foi cando se conxelaron as pensións por primeira vez na historia, foi o Partido Socialista quen atrasou a idade de xubilización aos 67 anos, foi o Partido Socialista quen cambiou o sistema de computo, elevando de de 15 a 25 anos para poder cobrar o 100% da pensión, así que, menos demagogia porque o Partido Popular aumentou as pensións un 8% das viuvez, un 1,6 as xerais e máis do 3% as pensións máis baixas, así que do que teñen que estar máis preocupados é de que governe e que siga gobernando o Partido Socialista.

PRESIDENCIA: Sr. Pérez Correa, descúlpeme, é que teño unha dúbida, esta moción presentouna vostede ou o grupo socialista, porque teño dúbidas de quen presentou a moción porque claro como hai un cupo entendo que a presentou vostede.

SR. ANEIROS PEREIRA: O Partido Socialista sempre estivo do lado da defensa do sistema público de pensións, dígoo de novo por se o señor do Partido Popular non o entende, o Partido Socialista sempre estivo do lado do sistema público de pensións, de garantir o sistema público de pensións, como por certo di a Constitución. Durante as tres etapas dos gobernos socialista neste país o sistema público de pensións sempre saíu reforzado, nos anos 80 co goberno do Sr. González, creáronse organismos de relevancia para este estado, o INSS, o Insalud, o Instituto Social da Mariña, pero se equipararon as bases de cotización aos

salarios reais, cousa que xa se fixo nos anos 80 e outra cousa que fixemos nos anos 80 é que estamos a facer agora, que é actualizar, revalorizar as pensións de acordo co IPC, iso é o que fixemos nos anos 80 e o que fixemos agora, pero na segunda etapa dos gobernos socialistas o fondo de reserva das pensións contaba con máis de 66.000 millóns de euros no ano 2011, os señores do Partido Popular fixeron retiradas que deixaron ese fondo tremendo 5.000 millóns de euros e antes de saír do goberno asinaron un préstamo por máis de 10.000 millóns de euros, polo tanto, quen baleiraron a caixa das pensións foron os señores do Partido Popular, cando chegou o goberno do Sr. Pedro Sánchez, o cambio de tendencia volve a amosarse porque de novo se revalorizan as pensións, de novo se satisfacen os atrasos, as pagas extras das pensións aos pensionistas e se revalorizan as pensións máis baixas. Polo tanto, un claro carácter social das pensións e unha clara defensa dos pensionistas, é un tema moi serio Sr. Fidalgo como para que vostede o banalice, hai máis de 8 millóns e medio de pensionistas en toda España e máis de 900.000 pensionistas en toda Galicia.

O Partido Socialista tamén propuxo a equiparación de pensións entre homes e mulleres, cousa que non fixo o Partido Popular, polo tanto, se hai un partido que defende o sistema público de pensións, que garante que exista ese sistema de público de pensións é o Partido Socialista, o amosa a primeira etapa do goberno Partido Socialista co Sr. González, o amosa a capitalización dese fondo de reserva das pensións do presidente o Sr. Zapatero e o amosa tamén nestes poucos máis 120 días que leva o Sr. Pedro Sánchez no goberno a revalorizacións das pensións mínimas, a actualización do acordo do IPC e o pago dos atrasos das pensións deste ano, si Sr. Fidalgo, foi unha das primeiras medidas deste goberno socialista do ano 2018 por moito que lle pese.

Polo tanto, somos os socialistas os que garantimos o sistema público de pensións, garantimos o poder adquisitivo dos pensionistas, reforzamos o fondo de reserva e facemos algo que vostedes non facían que é mellorar o entendemento social e o pacto social no Pacto de Toledo, polo tanto, iso será o que permita consolidar un sistema público de pensións para os nosos fillos, netos e tamén para nós mesmos, garantir en definitiva o sistema público de pensións no Estado español, ademais de mellorar as prestacións familiares e como dicía antes, algo tan importante que vostedes esqueceron mentres gobernaban que era a igualación das pensións

entre homes e mulleres, é dicir, erradicar esa brecha nas pensións que o goberno do Partido Popular seguía mantendo.

Pero mire, nos estamos a pronunciar hoxe aquí sobre unha mera proposta que aínda ten moitas contornas por definir, ten contornas por definir porque a Comisión Europea lanza unha mera proposta que terá que ser debatida nos estados e que deberá ser debatida nas institucións europeas, polo tanto, non é unha proposta pechada, nin firme, nin da que coñezamos tódalas súas aristas e tódalas súas vertentes, polo tanto, é unha proposta sobre a que non temos tódolos termos de xuízo para pronunciarnos, non sabemos se é un sistema alternativo, se o único sistema, se un sistema obrigatorio, se un sistema voluntario, polo tanto, é unha proposta que terá que avanzar, que terá que ser debatida polos estados membros da Unión Europea, terá que ser tamén debatida no goberno de España, no Parlamento de España, polo tanto, pois mire, aquí cada un pode ter a súa opinión pero a nós gustaría ter unha proposta pechada sobre unha proposta con tódalas contornas delimitadas e clarificadas por parte da Comisión Europea e do goberno de España, polo tanto, é unha proposta simplemente por programática e de mera orientación para os estados membros sobre a que non temos máis capacidade de análise por non ter datos, simplemente.

SR. PÉREZ CORREA: Ten razón a Presidenta, nós o que imos facer cando lancemos unha moción, lanzar unha salva de artillería para saber de onde veñen os tiros porque efectivamente se enzarzan vostedes nun debate que está moi ben, ademais un debate que creo que o Partido Socialista e o Partido Popular teñen moito que dicir porque a reforma das pensións que elevaron o problema das pensións neste país no 2011 e no 2013, foron feitas por dous gobernos, un do Partido Socialista levando a idade da xubilación aos 67 anos, e outro o Partido Popular introducindo ese criterio de que o IPC non ten que ser o índice que revalorice as pensións, nós queremos debater precisamente sobre esta cuestión que claro que é un produto voluntario porque ninguén te pode poñer unha pistola no lombo para subscribir un produto privado de pensións, pero si que é obrigatorio que este produto armonizado en toda Europa se vaia a introducir en tódolos países, é máis, un dos criterios que Unidos Podemos-En Marea levamos tempo denunciando é por exemplo se vai a permitir ou non que determinados países, en

aras a súa soberanía, non queiran que se poida desgravar por Plan de Pensións privados, hai países que non desgrava o plan de pensións privados e polo tanto, tamén entraría nunha cuestión de soberanía e de competencias dos estados membros da Unión Europea.

Podemos falar se queren de quen defende máis ou menos as pensións, podemos falar incluso de declaracións de exministros socialistas e que non creo que sexan só exministros socialistas, creo que son exsocialistas porque ese home ten de socialista ou que eu teño de cantaor de flamenco, e aí nesa cuestión nós podemos falar 50.000 declaracións de un e outro estilo que se fixeron sobre as pensións, nós queremos efectivamente ser rigorosos con esta proposta que presenta o Movemento Galego da Defensa das Pensións que foi presentado aos tres grupos e que os alertan dun problema que xa é un debate que hai no conxunto da Unión Europea que xa foi debatido e que xa aparece como un debate no Congreso dos Deputados porque está na Comisión do Pacto de Toledo, por certo Comisión do Pacto de Toledo, creo que Unidos Podemos-En Marea votaron ao Partido Socialista cunha serie de compromisos, un deles era desbloquear a cuestión do debate das pensións no Pacto de Toledo, non postergar determinados debates non só sobre que as pensións teñen que subirse ao IPC, senón que iso era partida mínima que a partir de aí e aí había compromiso tamén do Partido Socialista o mínimo xa por lei ten que ser que as pensións suban o IPC e a partires de aí temos que buscar outra revalorizacións, porque dende logo o que propoña o concelleiro o Sr. Fidalgo, a ver, se quere falamos das pensións de Galicia, se quere falamos das non contributivas, da pensión media en Galicia, e sobre todo das pensións como soporte familiar que significa que ao mellor hai que revalorizalas incluso por enriba deste incremento dos prezos públicos porque están sostendo moitas economías familiares, incluso están sostendo os estudos dos netos, están sostendo incluso que os nenos/as coman tres veces ao día gracias ás pensións dos avós, polo tanto, ese universo paralelo de pensións magníficas non existe neste país porque hai miles de pensionistas saíndo a rúa día si e día tamén alertando desta situación, incluso rompendo estas cartas nas que se lle daba unha subida de 1 euro como unha especie de miseria pornográfica que lle daba o Partido Popular aos pensionistas.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaseis abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións e sete votos en contra dos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.09.2018 (Rex. Nº 1873/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(172).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO O IMPULSO DA REHABILITACIÓN, INCREMENTANDO O INVESTIMENTO PREVISTO NO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO 2019, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1877/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de setembro de 2018, número 1877/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Resulta evidente na cidade a importante labor de rehabilitación desenvolvida polo Consorcio, o tempo que tamén resulta evidente que logo dos primeiros anos de funcionamento cunha intensa actividade, o investimento descendeu de xeito claro.

Así, a dotación inicial de 30 millóns de euros feita pola Xunta de Galicia (90%) e polo Concello de Vigo (10%), permitiu financiar a compra e rehabilitación de inmobles no Casco Vello promovendo a implantación de familias e actividade económica diversa. A existencia dunha importante labor por desenvolver en materia de rehabilitación desde importante barrio da cidade, e a existencia de importantes remanentes de tesourería das aportacións feitas polas administracións motivou a sinatura dun novo convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo alongando a vida do Consorcio ata o ano 2024.

Dito convenio contempla a distribución do remanente de tesourería para favorecer a compra, rehabilitación e venda de inmobles no Casco Vello, plasmadas no Plan de Actuacións 2018-2024.

As previsións establecidas no PAIF para 2019, poñen de manifesto a caída de preto de 1 millón de euros do investimento previsto en 2018 segundo o PAIF 2018-2024 o que supón a baixada de mais do 60% do investimento. Situación agravada no análise das previsións orzamentarias para 2019 xa que descende a metade o ingreso por vendas e, por primeira vez dende a creación do Consorcio, o gasto corrente deberá financiarse con cargo a menguante partida da venda de inmobles.

Mais aló dos problemas de xestión e financiamento do Consorcio compre facer unha reflexión xeral.

A Xunta de Galicia, fai unha aportación anual de 0 euros o investimento do Consorcio, de tal xeito que a financiación do investimento procede dos ingresos derivados da venda de inmobles e da incorporación anual dunha parte dos remanentes achegados por Xunta e Concello nos primeiros anos de funcionamento do Consorcio.

No Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo celebrado o 13 de setembro de 2018 no análise do PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO 2019, os representantes do goberno municipal de Vigo puxeron de manifesto a necesidade de impulsar e intensificar as actuacións do Consorcio, incrementando o financiamento e o número de actuacións.

Dada a importancia de impulsar a labor de rehabilitación do Casco Vello, en especial ca transformación urbana que o Concello de Vigo está a facer

promovendo as modificacións de planeamento para permitir a rehabilitación integral do entorno da Panificadora, o desenvolvemento do Barrio do Cura e coa rexeneración urbana do todo o Casco Vello, en especial ca transformación da Porta do Sol, compre impulsar a labor do Consorcio ca achega de mais recursos para impulsar a transformación, rehabilitación e rexeneración do Casco Vello de Vigo.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO

- Instar o Consorcio do Casco Vello de Vigo o impulso da rehabilitación incrementando o investimento previsto no PAIF 2019-2024 en 2,5 millóns de euros adicionais o ano.

Con este fin:

- a Xunta de Galicia incorporará os seus orzamentos para 2019 e seguintes unha transferencia de capital anual de 2.250.000 euros, correspondente o 90% da participación no Consorcio

- o Concello de Vigo comprometerá 250.000 euros anuais, nos mesmos exercicios orzamentarios, facendo fronte o financiamento do 10% de participación no Consorcio."

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Espero que esta moción sexa apoiada por tódolos grupos con representación neste Pleno municipal, e o espero porque ninguén discute a labor tan importante que leva feita o Consorcio do Casco Vello en Vigo, para a rehabilitación de vivendas, para a posta en valor das mesmas, para poder fixar poboación non Casco Vello e tamén rehabilitación dos seus locais, isto, unha proba diso é as máis de 100 vivendas que xa están rehabilitadas e a xente está a vivir nelas, os máis de 100 locais que están rehabilitados tamén e polo tanto que dan unha nova cara ao Casco Vello absolutamente imprescindible.

Pero máis aló de que o Consorcio do Casco Vello leva facendo unha labor importante para a rehabilitación do mesmo é certo que está languidecendo, de tal xeito que as achegas como saben que se fixeron ó Consorcio do Casco Vello, onde a Xunta de Galicia participa nun 90% e o Concello de Vigo participa nun 10%, foron feitas cun desembolso inicial de recursos de 27 millóns de euros a Xunta de Galicia e tres millóns de euros o Concello de Vigo, dende o inicio da súa andaina no ano

2005 ata o ano 2009, a Xunta de Galicia fixo a transferencia dese recursos aproximadamente en dous terzos dese investimento, de tal xeito que dende o ano 2012 ata hoxe a Xunta de Galicia investiu 0 euros no Consorcio do Casco Vello, polo tanto na rehabilitación integral de vivendas en Vigo, isto significa polo tanto, que o que está a facer o Consorcio a día de hoxe é financiar as súas actuacións por dúas vías, por unha vía o que vende pois poder adicalo a novos investimentos, aproximadamente por cada euro que inviste se recuperan 0,5 euros, polo tanto, digamos é unha partida sempre de decrecente, e por outra banda tirando man desa caixa, dese 30 millóns de euros inicialmente incorporados, de tal xeito que pois a moi poucos vaise executando ano a ano esa partida.

Cando o Consorcio do Casco Vello, o convenio, rematou no ano 2017, estendeuse a súa actuación ata o ano 2021 e o plan de actuación ata o ano 2024, cal é obxectivo dese plan de actuacións, que non quede nada caixa, é dicir, ano a ano incorporamos o remanente que é posible pensar que nos autoricen a incorporar, de tal xeito que aínda por enriba a Xunta de Galicia non leve os cartos de volta de cara a Contas xerais da Xunta de Galicia e deixe o Consorcio sen actuación, non, dado que existen case 7 millóns de euros na caixa pois se distribúen eses 7 millóns de euros na caixa porque as políticas de estabilidade financeira non non deixan incorporar unha contía superior aproximadamente a 1 millón de euros ao ano.

Pero a labor de investimento do Consorcio como dicía vai a menos, é dicir, dende o ano 2007 onde o investimento executado, non presupostado, senón executado do Consorcio era de 5 millóns de euros, ata o 2015 onde o orzamento executado de investimento do Consorcio son 500.000 euros, hai un salto que fai que obviamente o Casco Vello non teña a dinámica de rehabilitación que ten que ter; istoponse aínda máis de manifesto no orzamento previsto para o ano 2019, porque nese orzamento o investimento cae preto dun 60%, algo máis dun 60%, de tal xeito que se o previsto no Plan de Actuación, non o executado, previsto, para o ano 2018 eran 2,5 millóns de euros, para o ano 2019 son 500.000 euros e a posibilidade de incorporar un remanente, que non sabemos se nos concederán ou non, aproximadamente de 900.000 euros. Nos cremos que isto no pode seguir así, Vigo está emprendendo unha labor de rehabilitación do Casco Vello entre outras cousas coa rehabilitación da Panificadora, do Barrio do Cura, da Porta do Sol que fai preciso un impulso decidido cara a rehabilitación do Casco Vello, iso leva polo

tanto acompañada máis recursos e polo tanto, propoñemos que a Xunta de Galicia achegue en total entre a Xunta de Galicia e o Concello 2,5 millóns de euros anuais para impulsar a labor do Casco Vello de tal xeito que a Xunta de Galicia en proporción a súa participación do 90%, achegue 2.250.000 euros e o Concello de Vigo 250.000 euros, aínda así estaríamos moi por debaixo dos mellores anos de funcionamento do Consorcio pero cremos que o Casco Vello non só o necesita senón que resulta imprescindible para a súa rehabilitación.

SR. PÉREZ CORREA: Para nós era bastante sorprendente que este maridaxe de Xunta de Galicia e Concello de Vigo que se da non Consorcio non acabara xerando estas dinámicas, chegar ao proceso electoral e algo que creo que había certo consenso, non tanto no funcionamento que sería un debate de moción, a nós nos gustaría debater sobre o funcionamento do Consorcio, nos gustaría obviamente debater sobre a exclusión de Marea de Vigo da presenza dese Consorcio, nos gustaría tamén discutir sobre a batalla das placas que vivimos hai uns meses, poño unha placa, quito unha placa como se fora unha batalla terminolóxica, non unha batalla política, quixéramos discutir a cantidade de locais baleiros que teñen que ver con actividades comerciais, temos aquí unha rúa na que languidece o peche de locais, nos gustaría incluso saber cuestións relacionadas coa xestión efectivamente da execución, creo que non é precisamente o grupo socialista o que debería falar de execución doutras administracións porque é analogamente o que pasa no capítulo de investimentos do Concello de Vigo que o grado de execución sempre é moi baixo. Pero en todo caso os consorcios o primeiro que tiñen que ter é unha vontade construtiva por parte, neste caso das entidades públicas que forman parte do Consorcio, nós sabemos que hai eivas importantes no que é a posibilidade de rehabilitar o Casco Vello, entre outras cousas porque cando houbo moitos recursos, os famosos plans Urban, e os plans de desenvolvemento que a Unión Europea fixo para moitos cascos europeos, pois en vez de facer unha política integral, como fixo Oporto que fixo practicamente nun lustro a rehabilitación integral do seu casco histórico pois nós decidimos facer unha especie de menudeo no que é a rehabilitación, xa chegamos tarde seguramente á posibilidade de rehabilitar un Casco histórico como o noso, nós seguimos pensando que incluso no novo Plan Xeral a rehabilitación para o que nós son os tres cascos históricos

importantes nesta cidade, creo que incluso tería que ser a base de todo pero sabemos que con este tipo de mocións non hai vontade de traballar polo que ten que ser o funcionamento minimamente óptimo dun consorcio. Nós non sabemos cales son a intrahistoria e as tripas do Consorcio entre outras cousas porque a información, a única información á que podemos acceder, obviamente non podemos estar nas sesións nas que se fala abertamente disto, pero a única información que temos son as informacións orzamentarias, as informacións do grao de execución e as informacións dos proxectos, hai un montón de proxectos propostos no Consorcio que non se executan, non só é un problema de investimentos cremo que é máis un problema de execución, hai partidas por exemplo para erradicar as pintadas no Casco Vello, onte precisamente a asociación de veciños denunciaba esta situación, que sabemos que non se executan e logo hai un problema de xestión, claro, se o único que queremos é facer unha actividade inmobiliaria e a través desa actividade inmobiliaria financiar novas actuacións, ao final o prezo do mercado acabará interactuando tamén na xestión da rehabilitación e na posta en alugueiro ou venda deses inmobles, claro que ten que haber un investimento, nós vemos no orzamento do 2018-2019, efectivamente hai unha diferenza pero tamén vemos que gran parte das actuacións son plurianuais e o que queremos saber é se esa actuación ao longo dos anos vaise a cumprir, non que un ano haxa máis ou menos, senón o bloque das actuacións plurianuais. Que quixéramos nós? Pois quixéramos que fora unha referencia do que ten que ser unha rehabilitación, obviamente non podemos poñer o Barrio do Cura ao nivel das actuacións do consorcios, o Barrio do Cura é unha actuación especulativa privada, con operadores privados e cunha parte pequena case residual de operadores públicos e isto ten que ser unha operación 100% pública, logo a Panificadora a nós nos gustaría algún día falar da Panificadora porque estamos esperando a saber como se van facer as expropiacións do montante da actuación, queremos saber incluso os prezos porque seguramente ao mellor non chega o orzamento de varios anos deste Concello para facer as expropiacións ao 100% e poder desenvolver a Panificadora, a taxación dos terreos por exemplo.

Nós estamos de acordo, por que? Porque require máis cartos para unha actividade que require o noso Casco Vello pero tamén pedimos consensos porque parece que

había un consenso na fórmula do Consorcio, eu creo que incluso cunha participación excesivamente pequena do Concello de Vigo que o que está a facer é que a Xunta de Galicia, pasa exactamente igual que no Marco, quen máis cartos pon é o que máis capacidade de decisión ten, pois queremos que o Concello de Vigo achegue máis ao Consorcio e a correlación de forzas cambien, nós pensamos que iso se ten dar.

E seguramente teremos que buscar fórmulas máis audaces para rehabilitar non só edificios senón tamén espazos públicos dentro do Casco Vello, estamos de acordo se o problema é que haxa máis recursos, estamos de acordo que a Xunta de Galicia revise máis a través de emendas ao Parlamento de Galicia.

SR. GAGO BUGARÍN: Que alguén do goberno lle avise ao Alcalde de Vigo que estamos a falar da rehabilitación do Casco Vello porque ao mellor está no seu despacho lendo o xornal e creo que é interesante que saiba no órgano de representación máis importante que ten a cidadanía vigueses, polo tanto, penso e pensamos este grupo municipal que por respecto aos aquí presentes e que por respecto aos representados debería estar aquí o Alcalde.

Sra. Caride, a verdade é que vostede que se lle presupón e así o penso, un certo rigor técnico e económico...

PRESIDENCIA: Lles prego que esteamos todos calados, que é imposible escoitar o que di, en todo caso Sr. Gago estou segura que a vostede lle encanta que unha muller presida o Pleno de Vigo.

SR. GAGO BUGARÍN: Por suposto, pero me gustaría que o máximo representante da cidade estivera aquí presente para falar dunha cuestión que é fundamental na nosa cidade, que é a rehabilitación do Casco Vello de Vigo.

Dicía Sra. Caride, que eu lle presupño un certo rigor e unha certa traxectoria profesional como vostede ben ten, e a verdade é que me sorprende que trate de traer aquí unha cuestión dende o punto de vista cuantitativo e dende o punto de vista de xestión que é bastante manipuladora, e agora lle explico, en primeiro lugar, porque vostede reconece no propio informe, na propia exposición de motivos que vostede presenta na moción que efectivamente primeiro, unha

cuestión innegable que é importante labor que está a desenvolver o Consorcio do Casco Vello de Vigo para rehabilitar e poñer en valor os inmobles que no Casco Vello se atopan neste momentos en proceso de rehabilitación, e isto é importante que aínda existen algúns inmobles que poden ser obxecto de rehabilitación, e en terceiro lugar, e aquí é onde quero chegar, que vostede reconece que hai importantes contías aínda concretamente preto de 6 millóns de euros en caixa sen executar de remanente de Tesourería que son incorporados ano tras ano co seu voto favorable aos orzamentos para a execución. Entón do que aquí estamos a falar Sra. Caride é que vostede propón que tendo aprobado un Plan de actuación de 6 anos entre o ano 2018 e o ano 2024, que vostede aprobou concretamente o 8 de xuño do 2017, que nese plan de actuacións ben perfectamente configurado que se irán incorporando paulatinamente ano tras ano, unha contía practicamente similar a 1 millóns de euros e que xa se fixo o ano pasado con seu voto a favor e que este ano vaise volver facer porque está marcado dentro do Plan de Actuación, nós como un partido alternativo ao goberno responsable entendemos que un consorcio Casco Vello de Vigo non ten que acumular cartos e cartos na Tesourería sen executar; e claro a nós xa non nos sorprende porque se levamos este modelo de goberno ao goberno local e cando vemos que temos máis de 100 millóns de euros en caixa sen executar e cando vemos que teñen un nivel de execución de investimentos menor ao 40%, evidentemente xa non nos sorprende que vostede se deixe influír pola tendencia do Alcalde de Vigo, pola tendencia deste goberno e propoña aumentar a Tesourería do Consorcio do Casco Vello de Vigo e é unha mágoa que ese sexa o modelo do Partido Socialista de Vigo agora de levar adiante a xestión do Consorcio.

E tamén xa que fala de porcentaxes gustárame lembrarlle que vostedes achegan o 10% dos orzamentos e que sen embargo teñen unha representación no Comité de Executivo de case o 50%, non sei se algún día chegou a esa reflexión pero é interesante.

E por último en relación á xestión Sra. Caride, esta é a parte B do seu debate, vostede propón aumentar a tesourería e a caixa do Consorcio Casco Vello e ao mesmo tempo critica o nivel de execución e nós o que lle temos que dicir Sra. Caride é que se non somos capaces, se non é capaz o Consorcio Casco Vello de Vigo onde vostede é membra, de aumentar o nivel de execución é precisamente

porque vostedes non queren aprobar o convenio de expropiación, se non se pode expropiar algúns dos inmobles que teñen diferentes titulares e que con que un só dos titulares non acceda á venda non se pode adquirir o inmovible, se non se pode expropiar algúns dos inmobles que están en preitos entre herdeiros non se vai poder adquirir o inmovible, estase caendo despois de 13 anos de excelente xestión, de avance importante á rehabilitación do Casco Vello estase a caer ese nivel de execución é por que agora mesmo hai moita máis dificultade para adquirir bens inmobles que están afectados, a única solución é un convenio de expropiación que vostedes o teñen enriba da mesa, tanto o Alcalde de Vigo como vostede na súa concellería e que non queren asinar, esa é a auténtica realidade polo tanto, presentamos unha emenda de substitución para falar con responsabilidade do futuro do Consorcio Casco Vello de Vigo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu sinceramente máis alá da pataleta de que os representante de Marea de Vigo non estea no Consorcio creo que a información está dispoñible e vostede pode comprobalo como dixó que o fixera, pode comprobar perfectamente que no orzamento para o ano 2019 hai 500.000 euros para o investimento, polo tanto, iso é unha cousa que se pode facer de forma rápida e o importante é decidir se no Consorcio queremos impulsar a súa labor ou continuar como estamos, de tal xeito que en Poboadores, en Llorente, en Santa Marta, en Peixe, en Peñasco, en Berbés, en Elduayen, en Perigos, en Real, na rúa Eduardo Chao, na praza da Igrexa, en Méndez Nuñez, en Joaquín Yáñez ou en Camboa podamos continuar rehabilitando espazos que hoxe están en mal ou moi mal estado e polo tanto que continuemos nesa laboura de rehabilitación do Casco Vello.

Eu sinceramente hai cousas que non podo entender, non podo entender como vostedes descoñecen que está pasando con documentos por exemplo como que son públicos, que se miraron no Consello da Xerencia de Urbanismo como é o instrumento que estamos a elaborar para a Panificadora, que como sabe xa foi aprobado inicialmente e onde ten vostede toda a documentación, só ten que mirala.

Sr. Gago, a verdade é que vostede cando menos curioso porque fala de manipulación, eu escoitei ó delegado da Xunta de Galicia en Vigo que a sazón

preside o Consorcio do Casco Vello dicir que a Xunta de Galicia quere expropiar, hai unhas declaracións públicas, pode consultar vostedes todos os xornais que queira, dixo que el, que a Xunta de Galicia ía expropiar, está tardando, polo tanto, que se poña de xeito inmediato a expropiar aqueles inmobles que crean que non se pode executar, pero é que o máis gracioso é que vostede propón que se incorpore unha cifra adicional para o gasto corrente, mire máis alá de financiar o gasto corrente que a día de hoxe estase a financiar tamén coa venda de vivendas o importante é impulsar o funcionamento do Casco Vello.

Di vostede que nós aprobamos un Plan de Actuacións claro que pretendía que lle devolvéramos 7 millóns de euros á Xunta de Galicia? Pois claramente non, porque os 7 millóns de euros estaban na caixa a Xunta de Galicia os ía levar, e decidimos aprobar un Plan de actuacións sen incorporación dun euro máis para poder garantir que os 7 millóns de euros quedaran en Vigo, pero os 7 millóns de euros non chegan e nos se inviste máis non porque non se queira porque non nos deixan porque a regras de gasto impiden que se poida achegar máis de 1 millón aproximadamente de euros, pero con eses cartos non chegan, o investimento deste ano 2019 vai ser 1 millón de euros menos que do 2018, eu invito a calquera a ver a presenza do Consorcio do Casco Vello, a Xunta de Galicia soben para sacarse fotos, nunca lle custaron menos, 200.000 euros ao ano nun Consorcio onde achega cero euros de financiamento.

PRESIDENCIA: Sr. Gago, voulle rogar a todos que cando interveñan respecten, ninguén interrompeuno, vostede estivo interrompendo todo o tempo, lle pido por favor que vostede non interrompa, a todos llo pido, para que poidamos levar ben o Pleno.

Hai unha emenda que entendo que non acepta.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez,

Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.09.2018 (Rex. Nº 1877/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(173).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CUMPRIR A LEI 3/2016, E PERMITIR AOS CONCELLOS ACTUAR COMO ÓRGANOS LEXITIMADOS NA APLICACIÓN E TRAMITACIÓN DE DITA LEI PARA PROXECTOS URXENTES E DE EXCEPCIONAL INTERESE PÚBLICO, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1878/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de setembro de 2018, número 1878/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

A exposición de motivos da lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese sinala:

“A actuación das administracións públicas, que, no uso desas competencias, debe velar en todo momento pola salvagarda e a satisfacción dos intereses xerais, non pode descoñecer a existencia de proxectos de especial urxencia ou de excepcional interese público, que deben ser impulsados a fin de lograr os beneficios sociais e

económicos para a nosa Comunidade Autónoma que lle son propios.

Tales beneficios resultan especialmente significativos nunha actividade como é a urbanística, que conta con relevancia en distintos planos de interese, tanto respecto da propia configuración e ordenación dun modelo territorial respectuoso co medio ambiente e a singularidade galega como a modo de motor de impulso do desenvolvemento e do crecemento económico e social.

Asemade, a necesidade de acomodar tales proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese aos distintos instrumentos de ordenación existentes para facer posible a súa execución, ao par que garantir a seguridade xurídica de todos os operadores do sector, demanda contar cun procedemento áxil e eficaz que faga posible conciliar a totalidade dos intereses implicados. Esta lei incorpora os pasos que hai que seguir nestes casos, ordenando ademais o inicio do procedemento de modificación da ordenación urbanística correspondente de xeito simultáneo á aprobación do proxecto declarado urxente ou de excepcional interese público polo Consello da Xunta.

A oportunidade da presente regulación revélase se cabe de xeito máis evidente tras os máis recentes pronunciamentos xudiciais firmes de declaración de nulidade de planeamentos urbanísticos. Tales pronunciamentos, e a consecuente reviviscencia dos plans de ordenación urbana inmediatamente anteriores no tempo, traen consigo a existencia dun modelo de cidade non coincidente en numerosos casos co planeamento en vigor, amosando a necesidade de dar resposta rápida e eficaz a aqueles proxectos que non poden ser paralizados no tempo ata a aprobación dun novo plan, polas consecuencias que tal paralización implicaría no benestar do conxunto da cidadanía galega e no crecemento social e económico da nosa Comunidade.”

“En definitiva, esta lei xorde co máis firme propósito de dar resposta inmediata desde a Comunidade Autónoma de Galicia, e no exercicio das competencias que lle son propias, ás situacións descritas, a fin de evitar que proxectos públicos que actúan como canles vertebradoras da igualdade social e impulsores do crecemento económico de Galicia poidan quedar frustrados.”

Como esta exposición de motivos sinala, a lei está especialmente redactada ca finalidade de superar, para proxectos públicos de especial interese e urxentes, as limitacións derivadas da nulidade dun plan xeral e da volta a un planeamento obsoleto que non se corresponde cas necesidades actuais da cidade e que non poden esperar pola redacción ou modificación do planeamento. Caso claramente mimético o do Concello de Vigo, motivo polo que denominouse esta lei como “lei Vigo”

Por outra banda, o punto 2 do artigo único de dita lei establece “os proxectos promovidos por órganos das administracións públicas ou de dereito público que sexan desconformes co planeamento urbanístico aplicable poderán executarse se se aprecian razóns de urxencia ou excepcional interese público de acordo co previsto neste artigo. Sen prexuízo do disposto na lexislación estatal aplicable en canto aos actos promovidos pola Administración xeral do Estado e das súas entidades de dereito público, a Administración da Comunidade Autónoma será competente para apreciar as razóns expresadas respecto dos proxectos promovidos por calquera dos suxeitos indicados, cando as súas finalidades se

consideren de interese público para a Comunidade Autónoma por estaren vinculadas a materias da súa competencia. “

O Concello de Vigo é a todos os efectos órgano da administración pública como o indica o artigo 2.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Rexime Xurídico do Sector Público, de acordo co cal: «3. Tienen la consideración de Administraciones Públicas la Administración General del Estado, las Administraciones de las Comunidades Autónomas, las Entidades que integran la Administración Local, así como los organismos públicos y entidades de derecho público previstos en la letra a) del apartado 2», esto é « Cualesquiera organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes de las Administraciones Públicas».

A pesar de que o Concello de Vigo é Administración pública e ten un planeamento anulado, mais aló da urxencia ou excepcional interese do proxecto avaliado, a Xunta de Galicia nega a Vigo a posibilidade de aplicar a “lei Vigo” en contra do sentido da lei 3/2016. Motivo que obriga o goberno local, na defensa do interese xeral dos vigueses e viguesas, a interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da Xunta de Galicia.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a cumprir a lei 3/2016, e permitir os concellos, como órganos das administracións públicas, actuar como órganos legitimados na aplicación e tramitación de dita lei para proxectos urxentes e de excepcional interese público.

- Instar a Xunta de Galicia a deixar o boicot a Vigo, permitindo o goberno de Vigo aplicar a “lei Vigo” (lei 3/2016), revocando a resolución que imposibilita a aplicación de esta lei para desenvolver o pavillón de Matamá e o acceso o colexio Parroco Don Camilo.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Cando no ano 2016 se aproba por parte do Parlamento de Galicia a Lei 3/2016, de Proxecto urxente e de especial interese público queda claro tanto na súa exposición de motivos como no articulado da mesma lei que é para tódalas administracións públicas, dende logo o Concello de Vigo como calquera concello de Galicia é unha administración pública, polo tanto, perfectamente promotor de iniciativas que poidan levar adiante un proxecto urxente ou de

especial interese público, pero o que máis na exposición de motivos desa mesma lei advirtise que a especial incidencia da urxencia de determinados proxectos que teñan unha especial interese para a nosa comunidade, ten que vir necesariamente tamén contemplando esa realidade de que hai concellos que teñen o seu planeamento anulado. Polo tanto, hai unha dobre vinculación, por un lado proxectos urxentes e de especial interese público e por outro lado especialmente para aqueles concellos que teñen un planeamento anulado e que revive un planeamento obsoleto, para esa dualidade e por esa dualidade a esa lei se lle denominou Lei Vigo, é dicir, unha lei que tiña como obxectivo fundamental resolver outros problemas obviamente por toda Galicia, pero indubidablemente resolver un problema importante que existía en Vigo, de tal xeito que esta lei foi aplicada para resolver un problema de ampliación de instalacións de Citroën para ampliación do IFEVI que poderá a semana que ven dar cobertura á feira de Conxemar ou tamén para a estación ou o proxecto Vialia. Dito iso, dado que entendemos que a ampliación de Citroën por exemplo, non é un motivo fundamental que sexa o Consorcio da Zona Franca o promotor da iniciativa por estar no seu polígono senón que se estivera nun polígono municipal de titularidade municipal, polo tanto, público, tería a mesma importancia e interese, debería ser executada o mesmo que o IFEVI ou a estación e o proxecto Vialia, o Concello de Vigo tomou a decisión daqueles proxectos que entendía que non encaixaban no planeamento e eran urxentes e de especial interese, solicitara a tramitación como di a lei, solicitar á Xunta de Galicia a tramitación pola Lei Vigo, ademais existía un precedente, o Concello de Redondela solicitara o traslado dun colexio e nós estamos totalmente de acordo de que esa vía se utilizase, polo tanto, había precedentes municipais e había precedentes en Vigo. Con esta máxima o Concello solicita en primeiro lugar a execución dun pavillón deportivo en Matamá que ademais viña a resolver dous problemas, un problema no colexio Josefa Alonso que non tiña patio cuberto e por outra banda un problema deportivo que creo lembrar que é unha das finalidades públicas máximas que debemos promover, cun investimentos por parte do Concello de máis de 3,4 millóns de euros, se lle da a Xunta de Galicia a información como órgano promotor, Secretaría Xeral do Deporte e iso foi no mes de novembro do ano 2017, tivemos que esperar 8 meses para que Xunta de Galicia dixera que non, e polo medio que fixo a Xunta de Galicia, pois tardou seis

meses en enviar ese proxecto que xa tiña que ter informado ao Consello Consultivo, o Consello Consultivo que cuxo informe non é nin preceptivo nin vinculante, é dicir, se lle quere pedir un informe á Xunta de Galicia llo pode pedir, pero en calquera caso o que diga non ten porque facerlle caso, por certo foi para moitas outras cousas, e a metade delas non lle pide informe, para o colexio de Redondela non lle pediu informe, para a ampliación de Citroën non lle pediu informe, para o IFEVI e o proxecto Vialia tampouco, pediuno para o pavillón de Matamá, e para o acceso ao colexio Párroco Don Camilo con grave problema de inseguridade e agora di a Xunta de Galicia que o Consello Consultivo di que os concellos, non Vigo, os concellos galegos non poden aplicar a lei e polo tanto determina que non é de aplicación neste caso e lle da a Vigo coas portas nas narices.

A Xunta de Galicia está utilizando unha triquiñuela para intentar boicotear a esta cidade e non só a esta cidade, senón a tódolos concellos galegos que non van poder aplicar esta lei por moi importante que sexa o proxecto que queren promover. Esta claro que o interese público e a urxencia se xustifican nestes casos pero máis aló do caso particular, a Xunta de Galicia está dicíndolle a tódolos concellos en particular a Vigo, que Vigo non pode aplicar a Lei Vigo e que lle nega a aplicación da Lei Vigo ao Concello de Vigo, por iso recorreremos porque entendemos primeiro, que este informe non é nin preceptivo nin é vinculante, ademais está errado, non lle deu trámite de audiencia a este Concello e lle pedimos a vostedes que con nós nos axuden a defende o goberno municipal, a este goberno e aos de tódolos de concellos de Galicia.

SR. PÉREZ CORREA: Creo que este debate nos fai bastante gracia porque creo que isto era unha crónica dun problema anunciado e creo que isto ten que ver co debate que houbo no Parlamento de Galicia no ano 2016, e isto ten que ver coas sucesivas medidas de improvisación que o Partido Popular quixo facer do urbanismo para salvagardar un problema que tiña en bens gananciais co Concello de Vigo que era a anulación do Plan Xeral, o Partido Popular decide que para solventar a anulación do Plan Xeral nada mellor que modificar de maneira express o artigo 144, da Lei do solo que aínda estaba en trámite parlamentario despois de rexeitar centos de emendas da oposición, tanto do Partido Socialista como do

Partido Popular, menos mal que naquela altura o Alternativa Galega de Esquerda hoxe En Marea, avisou disto, que se abría a arbitrariedade para que a Xunta de Galicia interpretara o que considera ela que é interese xeral porque isto vale, por exemplo, para xustificar que Ence estea na ría de Pontevedra, a pesares de que non Plan Xeral de Pontevedra non o regule, ou para poñer un campo de golf, vale para determinadas cuestións porque xera arbitrariedade que son estas lei de punto único, de aprobación única que a nós nos preocuparon, como non o puideron facer pola vía da modificación express da Lei do Solo, se inventaron iso que lle chaman Lei Vigo porque aplica a todos e cada un dos concellos de Galicia por desgracia, que é imos intentar colar por esta vía determinados proxectos en materia urxente pero con beneficios sociais económicos para a comunidade autónoma, é dicir, que centra dunha maneira arbitraria o que considera a comunidade autónoma que é interese xeral de toda a comunidade autónoma, non só de Vigo e que interese xeral de construír un pavillón é dos 315 concellos de Galicia, polo tanto, os 315 concellos de Galicia poderían utilizar este instrumento para saltar cando non teñen un Planeamento ou cando teñen un Planeamento obsoleto, é dicir, tiñamos razón cando dicíamos e por iso non entendemos esta queixa do Partido Socialista porque no ano 2016, teríamos que ter votado en contra desta lei como votou o grupo alternativa galega de esquerda porque é unha lei arbitraria, é darlle un mecanismo completamente arbitrario ao Partido Popular para establecer determinados criterios naqueles concellos onde goberno e nos que non, en onde quere paralizar algunha actuación ou quere activala, non é o mesmo caso que no de Redondela, porque en Redondela hai un traslado do colexio porque pasaba unha AP-9 polo medio, aquí estamos a falar dun pavillón que podería terse posto no Plan Xeral de Vigo, que poderían vostedes planificalo nos 6 anos de vixencia do Plan Xeral, que cae o Plan Xeral e agora a Xunta de Galicia di que fagan vostedes un plan de reforma interior, leva máis tempo pero sería máis lóxico que propoñer a vía de excepcionalidade porque isto si que abre espitas para determinadas operacións que queiran facer os concellos saltándose o preceptivo planeamento de carácter local e isto está avisado, e se dixo por activa e por pasiva que establecía un criterio completamente arbitrario, que lle daba a Xunta de Galicia un mecanismo incluso para utilizalo electoralmente cando lle interesaba, pois concellos onde me interese desbloquear ou donde non, é dicir, vostedes dende o viguismo localista o

pavillón de Matamá lles parecerá a cousa máis importante do mundo pero a todos e cada un dos concellos galegos lles parecerá super importante actuacións que non pode facer pola vía do seu planeamento porque está obsoleto, cantos concellos teñen o planeamento obsoleto ou planeamentos incluso con normas subsidiarias, que se metan tódolos concellos de Galicia a facer actuacións deste tipo só porque consideramos que é avía máis urxente, esta lei é unha “chapuza”, é unha lei que permitiu e que abre unha dinámica que non é nin planeamento nin é pensar urbanisticamente as cidades e que incluso funciona pola vía moitas veces dos intereses xerais privados, hai moitas iniciativas públicas que detrás subxace un interese privado, se ten capacidade de presión ao final consegue que se vaian desbloqueando determinadas actuacións. Nós estamos de acordo, imos absternos pero estamos de acordo en que a Xunta de Galicia está utilizando isto de maneira política, pero é que esta espita a abriron vostedes votando afirmativamente a esta lei, porque esta lei non só era para Citroën, por certo, Citroën xa estaba obrando antes desta lei, o único que fixo foi adaptar obras que facía de xeito ilegal porque non tiña edificabilidade para facelo dentro do ámbito, a parte se quere algún día discutimos abertamente neste Pleno en que prazos comezaron a facerse as naves que hoxe en día por desgracia están precarizando o emprego e salarios dentro da fábrica; e este debate sería bo que o tivéssemos agora poder viaxar no tempo e poder dicir o que dicía agora dicilo no 2016.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Eu espero portarme ben Sra. Presidenta, ademais estamos de acordo en moitas cousas, nunha delas é que queremos os dous que unha muller presida o Pleno do Concello pero non como substituta esa é a diferenza ou o matiz, nós queremos que a presida como titular e espero que a partir do ano que ven haxa unha muller presidindo o Pleno.

PRESIDENCIA: Fala moi ben de vostede dicir estas cousas, fala moi ben de vostede, para ben de Vigo xa houbo mulleres alcaldesas nesta cidade, unha primeira presidenta na Deputación de Pontevedra, unha primeira voceira dun grupo, voulle dar os 5 minutos, non se preocupe, pero iso que vostede acaba dicir o cualifica sen que eu lle teña que dicir nada a vostede.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Entrando no asunto, eu de verdade Sra. Caride, xa non deixa de sorprendeme nada, o que oio aquí, levo 11 anos asistindo a estes Plenos e sinceramente lle digo que vostede, a súa capacidade de intentar confundir, enganar e de manipular é absolutamente increíble, a cantidade de tempo que perde Sra. Caride en buscar escusas, en buscar subterfuxios, en botarlle a culpa aos demais, en vez de poñerse a traballar polo urbanismo de Vigo porque vostede nin fixo nada mentres foi conselleira da Xunta de Galicia polo urbanismo de Vigo nin fixo nada naquel momento, nin está facendo nada agora porque leva tres anos e medio e aínda non temos nin Plan Xeral, a vostede se lle caeu o Plan Xeral no 2015 e vostede non está lexitimada para falar de urbanismo e dar leccións de nada aos demais, de nada, Sra. Caride, por iso se puxeran todo ese esforzo e todo ese empeño en cuestións produtivas, mellor nos iría a todos, esta é a moción parecida á de vez anterior que falamos do pavillón de Matamá, pero é o mesmo, eu a noto un pouco nerviosa, como a película do Sr. Almodobar, está un pouco ao borde dun ataque de nervios e non me estraña porque claro tres anos e medio de maioría absoluta, aos vigueses non lle serviron absolutamente para nada, ao mellor si, ao mellor pode que os cidadáns agora nestes tres anos e medio coñeceran a verdadeira cara do seu Alcalde e a verdadeira cara deste grupo de goberno en absoluto desmoronamento, perdoe que lle diga, un goberno totalmente esgotado, sen ideas e totalmente desorientado Sra. Caride, que entrou en barrena, vostedes entraron en barrena e como xa non lles vai dar tempo facer nada en estes oito meses porque hoxe é día 26 e dentro de 8 meses vai haber eleccións na cidade, pois nos traen estas mocións que tratan de confundir e botar a culpa aos demais. Miren, nós non estamos en contra de que recorran as decisións dos tribunais, de calquera decisión, da Xunta de Galicia, do Goberno de España, nós non estamos en contra, agora do que si que estamos en contra é de que intenten confundir e dicirlle aos veciños de Matamá que non teñen pavillón por culpa do Partido Popular, iso é mentira porque os veciños de Matamá non teñen pavillón pola súa culpa porque non lles deu a gaña en estes once anos e medio de facerlles un pavillón en Matamá, non lles deu a gaña, non o puxeron no Orzamento municipal, é que no Orzamento dígame a partida onde está o pavillón de Matamá, entón, claro, están intentando manipular co tema das pistas de Balaídos o mesmo e claro eu non lle vou contradicir ao Concello Consultivo, é o Consello Consultivo o que di

que cando un proxecto pretende executarse non se axusta ao seu Planeamento o Concello pode e debe promover a modificación do PXOM, é que é o Concello quen ten que modificar o Plan Xeral, o Concello ten mecanismos de sobra para impulsar estes proxectos importantes, de sobra, acaso non os está usando? Entón no Barrio do Cura, non se lle está facendo un traxe a medida a un fondo de investimento americano con sede en Nova York para que faga 300 vivendas, 25.000 metros cadrados de solo comercial? Acaso non lle están intentando facer un traxe a medida? Non se está modificando o Plan Xeral? Diga si ou non, estou a mentir eu, non se está modificando o Plan Xeral do 93 ese do Sr. Príncipe e da Sra. Lola Villarino para facerlles o traxe a medida aos promotores do Barrio do Cura? Xa a súas artimañas xa non colan porque levan máis de 11 anos na cidade e todo o mundo os coñece e sabemos que de xestión non imos esperar nada de vostedes, chegaron a 8 meses das eleccións e unha vez máis o tempo deu a razón ao Partido Popular, non temos nin un só papel e a cidade ten un dos motores principais como é o urbanismo totalmente paralizado, por quen? Pola súa culpa e pola culpa tamén do Alcalde de Vigo hoxe tamén ausente.

Eu creo que nesas reunións que preside na FEMP seguro que non se vai como se va no Pleno de Vigo, tenlle máis respecto á FEMP que aos cidadás de Vigo.

PRESIDENCIA: Sra. Caride, antes de que fale, porque hai cousas que incluso provocan risa e hai xente que incluso se rie, que amosa cando hai que avanzar en cara á igualdade, eu xa sei, todas as mulleres e os homes comprometidos xa sabemos que as mulleres non estamos nunca ao borde dun ataque de nervios, que somos mulleres formadas, con compromiso, que somos mulleres que sabemos estar, que sabemos moi ben do que falamos, a min me parece moi triste que 20 anos despois de un filme que se titulaba así, cando en España o machismo campaba a súas anchas se sega a empregar, e ademais eu estou encantada e quero que o saiban as veciñas e veciños porque dentro de 8 meses seguirei estando aquí substituíndo ao Alcalde iso si en lugar de 17 concelleiros con 21.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sr. Pérez Correa, eu xa sei que vostedes sempre estiveron en contra de que Citroën puidera ampliar as súas instalacións, de que IFEVI se puidera ampliar pola vía da urxencia, non sei se vai ir vostede a semana que ven a

Conxemar, pero a verdade é que o debería de pensar porque vostede oponse a vía que fixo posible que esa feira poida desenvolverse como se vai a desenvolver a partires da semana que ven. E vostede está en contra do proxecto de Vialia como está seguramente en contra de que o Concello de Vigo faga realidade o pavillón de Matamá ou un acceso seguro a un cole, non é unha cuestión dunha lei, claro que apoiamos unha lei, precisamente para dar cobertura a todos eses proxectos que por unha razón de urxencia e excepcional interese podían verse prexudicados, e claro que o proxecto de Citroën encaixaba perfectamente no Plan do 2008, foi a nulidade do Plan o que provocou que non puidera encaixar e polo tanto, tivemos que recuperar unha opción que nos permitira facelo realidade, mire, Sr. Fidalgo, a verdade é que parece que estamos nunha escena da escopeta nacional, si a cuestión é que vostede quere facer disto un ridículo, pois a verdade que o está a conseguir, mire, este proxecto de lei foi tramitado para que tódalas administracións públicas que se atopaban cun problema puideran executalo, o Consello Consultivo da Xunta de Galicia non entran a valorar se os proxectos son excepcionais ou urxentes, eliminan a posibilidade de que calquera concello aplique esta lei e o eliminan cun informe que como lle digo non é nin preceptivo nin vinculante, e é máis cun organismo no que os medios de comunicación publican “o Partido Popular aproba nomear a dedo aos letrados de ente que fiscaliza as decisións da Xunta de Galicia”, pois con este panorama ao menos parece ser un informe de parte, o informe utilizado e pedido 6 meses despois da solicitude para poder dicirlle non a Vigo, e para poder dicirlle non a Vigo dun xeito absolutamente absurdo porque ningunha palabra de que Vigo ten un Planeamento anulado, claro que o Concello de Vigo ten outros instrumentos, como está a promover outras accións por certo, de iniciativa privada porque non poderían ir por esta vía, pero é que ademais a Xunta de Galicia tamén ten outros mecanismos ou é que non pode facer proxectos sectoriais, ou plans sectoriais ou proxectos industriais estratéxicos? Claro que si, pero fai unha vía “ad hoc” para poder resolver problemas concretos e o Concello de Vigo quere poder ter a mesma capacidade que a Xunta de Galicia para resolver eses problemas, e o que é paradoxal é a pista de atletismo, a pista de atletismo nin sequera o solicitou o Concello de Vigo, en reunións coa Secretaria Xeral de Deporte quedaron eles en solicitalo a iniciativa propia e van e fan o informe que din que se negan a tramitalo así. Por favor apoiem

esta iniciativa que é boa para Vigo.

PRESIDENCIA: Parece ser que non se admite a emenda, polo tanto se vota a moción nos seus termos.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.09.2018 (Rex. Nº 1878/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(174).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETER POLA VÍA DE URXENCIA A IMPRESCINDIBLE OBRA DE CAPTACIÓN DO RÍO VERDUGO, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1879/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de

setembro de 2018, número 1879/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A LEI 9/2010 de Augas de Galicia establece a obriga de Augas de Galicia da ordenación dos abastecementos e saneamentos en alta (artigo 11.5). Tamén lle corresponde a Augas de Galicia a planificación, programación, o proxecto, a construción e a explotación das obras hidráulicas declaradas de interese na comunidade autónoma de Galicia polo Consello da Xunta (artigo 11.3). É por isto que é a Xunta de Galicia quen debe acometer sen atraso as obras que contribúan a solucionar os problemas de abastecemento en caso de seca.

En outubro de 2002, en setembro de 2006, no verán de 2011 xa sufrimos episodios de seca. E no ano 2017 volvemos a vivir un período de seca, o máis extremo da serie. Vimos como Encoiro de Eiras chegaba o ano pasado a mínimos históricos, con valores nunca rexistrados.

A Xunta de Galicia recolle no seu vixente Plan de Abastecemento (Plan Auga) a captación dende o Verdugo en períodos de seca, en febreiro de 2013. Así, a Xunta indica no seu plan que “esta formulación configura unha solución viable que ofrece unhas garantías razoables dende o punta de vista do recurso potencialmente aproveitable” e “ presenta serias vantaxes o supor unha menor inversión, un menor impacto a priori, e axustarse máis as directrices das novas políticas da auga”.

Neste escenario, Vigo e Xunta consensuaron un convenio para que dita actuación se tramite como obra de emerxencia, tras solicitalo Vigo. Así está recollido no texto consensual:

Que a necesidade ineludible e inaprazable de dispoñer dos recursos hídricos necesarios para garantir a suficiencia e calidade da subministración de auga potable domiciliaria na área de Vigo determinan a necesidade da subscripción deste convenio para a execución, como obra de emerxencia, da actuación obxecto del.

A actuación non só contribúe a paliar os problemas de abastecemento de Vigo ante períodos de seca, senón de toda a área de máis de 450.000 habitantes que se abastece apoiándose nas infraestruturas hidráulicas viguesas (Moaña, Cangas, Nigrán, Redondela, Soutomaior, Porriño, Salceda e de forma parcial Mos e Gondomar).

Vigo foi solidario e non deixou de atender ó resto de Concellos da área nin nos peores momentos, a pesar de que os acordos con estes prevén a posibilidade de restrinxir a auga subministrada nos períodos de seca. E isto, mentres a Xunta de Galicia (a Administración Hidráulica) se negaba a revisar en principio os caudais ecolóxicos.

A solución xa debería estar feita. Sen embargo, segue sen facer. O financiamento non pode ser desculpa, xa que o Concello ofreceuse a financiarla, incluso integramente se fose necesario.

O 4 de xaneiro de 2018 Vigo remitiu á Xunta o acordo de aprobación por parte da

Xunta de Goberno Local do Convenio para a execución de dito convenio. A vista da falta de resposta por parte da Xunta, o Concello remitiu o 29 de xaneiro á Conselleira de Medio Ambiente o convenio asinado.

Unilateralmente, e en contra do consensado no Convenio, a Xunta decide paralizar a tramitación como obra de emerxencia.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a acometer por vía de Urgencia a necesaria e imprescindible obra de captación do río Verdugo, de acordo co convenio consensado entre Concello e Xunta que xa leva un ano de retraso.
- Instar á dimisión da conselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato, actual candidata do PP á Alcaldía de A Coruña, como responsable directa do retraso na tramitación das obras necesarias para garantizalo suministro de auga na Cidade de Vigo."

DEBATE:

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Imos tratar un tema moi serio como é o da posible época de seca que se pode volver a dar este ano e unha obra que estaba pendente, acordada entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a súa realización, e abordar de xeito urxente e quitar dunha vez o problema do medio de Vigo para logo estudar a posible solución definitiva que se faría ao longo dos anos, a Lei de augas establece a obriga de Augas de Galicia da ordenación dos abastecementos e saneamentos en alta, tamén lle corresponde a Augas de Galicia a planificación, programación, proxecto e construción e explotación das obras hidráulicas declaradas de interese na comunidade autónoma de Galicia polo Consello da Xunta de Galicia e por isto que é a Xunta de Galicia quen debe acometerse en atraso as obras que contribúan a solucionar os problemas de abastecemento en casos de seca. En outubro de 2002, no ano 2006 en setembro no verán de 2011 xa se sufriron episodios de seca e no ano 2017 sufrimos o máis extremo da serie, o período de seca máis extremo, vimos como o encoro de Eiras chegaba o ano pasado a mínimos históricos, con valores nunca rexistrados e por iso que observamos como estes episodios de seca se producen con máis frecuencia e con máis gravidade, por iso non podemos ser meros observadores e o Concello de Vigo teno como uns dos grandes problemas a solucionar de aquí a 60 anos.

O cambio climático veu para quedarse iso o dixo director de Augas de Galicia o

pasado 24 de novembro, a administración autonómica debe exercer as súas competencias e garantir que non se poña en risco o abastecemento á poboación, pero a realidade nos di que está a facer a Xunta de Galicia para garantir que nos próximos anos non se van a dar mesmas circunstancias que se deron o ano pasado? A Xunta de Galicia no seu vixente Plan de Abastecemento, o Plan Auga, a captación do Verdugo en períodos de seca en febreiro do 2013, teno aprobado, así a Xunta de Galicia indica que no seu plan que esta formulación configura unha solución viable que ofrece unhas garantías razoables dende o punto de vista do recurso potencialmente aproveitable e presenta serias avantaxes e un menor investimento e un menor impacto á priori e axústase máis ás directrices das novas políticas da auga. Neste escenario Vigo e a Xunta de Galicia consensuaron un convenio para que dita actuación se tramite como obra de emerxencia, tras telo solicitado Vigo e así o recolle o texto do convenio.

O estudo de Augas de Galicia que presentou ó concello para a execución da captación dende o río Verdugo en decembro do 2017, indicaba que a obra de emerxencia podería executarse nun prazo de tres meses e medio, a solución xa debería estar feita, sen embargo non se fixo nada. O financiamento non pode ser unha desculpa, lembremos que o Concello comezou dicindo que financiaría el, que se comprometería a financiar o 80% da obra, e chegou incluso a afirmar que se era necesaria financiaría integramente o custe da mesma. Fronte a esta inacción da administración autonómica, o Concello de Vigo xunto co esforzo solidario dos seus veciños/as ven de reducir o consumo da auga entre xaneiro e agosto do 2018, nun 4,5%, por certo, algúns concellos incluso nun 11% o incrementaron.

E por isto que se insta á Xunta de Galicia a acometer por vía da urxencia a necesaria e imprescindible obra de captación do río Verdugo, de acordo co convenio consensuado entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia e que xa leva un ano de atraso. E instamos á dimisión da conselleira de Medio Ambiente a Sra. Beatriz Mato, actual candidata do Partido Popular á Alcaldía de A Coruña, como responsable directa do atraso na tramitación das obras necesarias para garantir o subministro de auga na cidade de Vigo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: En xaneiro deste ano xa debatíamos unha moción con idéntico acordo, aínda que naquela altura non se pedían dimisións, e nada se

moveu dende entón polo menos nesta casa. O noso grupo falaba entón e vémonos obrigados a repetir que hai medidas a adoptar antes de acometer o transvase, o primeiro, a mellora da rede de abastecemento, ten datos oficiais o goberno de Vigo de canta auga sae da presa e canta sae pola billa das e dos vigueses, porque todas somos conscientes do mal estado das canalizacións. O goberno retrucaba naquela altura que se melloraran as fugas na presa, cousa que tiña pouco que ver coa canalización, pode o goberno municipal achegar datos concretos e oficiais de canta auga se perde na rede de subministro competencia do Concello, porque os datos que se poden ler nos xornais son francamente alarmantes, o que si temos son datos oficiais non desagregados do INE que sitúan a perda de auga nun 15,7% a nivel do Estado, sexamos moi xenerosos se Vigo se sitúa na media, que non o cremos, hai moito marxe de mellora, tarificación por consumo real, premiar o aforro e penalizar o despilfarro, 15 metros cúbicos mes por contador é a tarifa mínima na nosa cidade, segundo o INE a media no 2014, últimos datos publicados de consumo, cada persoa en Galicia consume 3.800 litros/mes, a tendencia de consumo por persoa é descendente dende 2007, é dicir, cada vez estamos máis concienciados/as e consumimos menos e isto non se reflicte na factura, esiximos unha vez máis tarificación por consumo real, mínimo vital garantido e bono social en fogares con 5 ou máis persoas convivindo cousa que xa nos tempos actuais difícil de ver, dende logo no meu fogar con tres adultos convivindo nunca hai variación porque nunca se chega ao mínimo.

Dicía tamén o goberno que o consumo en Vigo baixara nun 10%, como en todo o estado, afortunadamente, dicía que subira o transvase a outras poboacións, non sabemos o que quería dicir ou insinuar, máis o momento do trasvase do consumo ten motivos claros, todos/as coñecemos a xente que formou ou seu proxecto de vida fora de Vigo pero dentro da área metropolitana aínda que a súa actividade laboral continúe na cidade ou ao contrario, residentes en Vigo que atopan emprego na área metropolitana, a auga non é de Vigo, é de toda a conca hidrográfica e con todo sentido.

Dicía o Partido Popular que a obra íase facer si ou si, ben, como estamos en contra de que esta sexa a primeira medida, imos a deixalo aí, a cuestión e xa o dixo o director de Augas de Galicia é que o expediente de transvase continúe en tramitación máis non é capaz de dar datas recoñecendo que unha execución moi

complicada pola oposición dos municipios de Ponte Caldelas e Soutomaior, que van a xudializar este tema e terán parte de razón porque están directamente afectados e neste tema como en calquera outro, Vigo non pode comportarse como unha cidade estado porque dependemos da nosa área metropolitana e eles dependen de nós.

Naquela altura facemos notar que neste tema o Partido Socialista no Parlamentinho abstívose sendo conscientes nesa administración polo menos, que isto non é auga de Vigo senón auga de todas.

Parecía que se vía un chisco de luz cando o goberno do Partido Socialista pedía a creación dunha comisión técnica que decidise a mellor opción, pero hoxe chegamos aquí con esta moción, non é menor que os concellos de Ponte Caldelas e Soutomaior vaian a recorrer a construción do transvase, concellos por certo do Partido Socialista e do Partido Popular, cualificando a obra de animalada ambiental sen informes de impacto nin sobre o río nin sobre os bancos marisqueiros, a auga tamén é súa, é de todas.

Piden tamén na moción a dimisión da Sra. Beatriz Mato, motivos hai de abondo para pedir esta dimisión, iso si que é verdade, por moitos motivos entre eles a súa política forestal, lembremos que foi a conselleira que dixo descoñecer se as masas de eucaliptos eran máis sensibles ao lume que outras masas forestais, unha cousa demencial, máis o acordo principal é o que é, e repetiremos o noso voto contrario a este transvase como primeira medida porque ao final xa sabemos o que vai pasar, vaise converter en medida única sen actuacións complementarias.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade que si Sr. Pardo é un tema moi serio, vostede fala de 60 anos e entón hai que ter un pouco máis de altura de miras, cree vostede que tal como expón esta moción, que tal como argumenta nesta moción, tratan vostedes, un goberno con esa maioría tan absoluta, boiante, tratan este tema como algo serio, pois nós cremos absolutamente que non e a verdade que só son críticas e sempre a confrontación e a petición de dimisións pero de afrontar con seriedade este debate nada de nada, polo tanto xa achegou o Sr. Jácome algo máis de luz, xa achegou máis datos, xa dixo que a información está sobre a mesa, que o proxecto xa se está facendo pero que falar de auga, de esixencias a outras administracións non exime das esixencias municipais da auga tamén porque son

moitas e polo tanto hai que esixir aos demais pero tamén hai cumprir as propias. Nós presentamos unha emenda onte, adiantouno a nosa voceira, Sra. Muñoz xa en rolda de prensa que imos pedir que a declaración por parte do Ministerio para obter máis recursos, a declaración do subministro de auga de interese nacional como xa é en Pontevedra, como xa é en Lugo, en Ourense, que nos permitirá obter máis recursos para poder facer as obras, infraestruturas que esta área metropolitana necesita e sobre todo o que esta cidade necesita coas expectativas como di vostede a 60 anos ou incluso a máis, porque vostedes pasan e o Sr. Abel Caballero pasa e a cidade permanece e polo tanto, nós queremos garantir aos fillos, aos netos dos que tanto fala tamén o Sr. Aneiros, queremos garantirlle un subministro de auga que non estea a expensas das secas e ademais de calidade, polo tanto, nós queremos solicitarlle ao goberno esa ben de interese porque ademais doutras cidades de Galicia tamén o teñen e así poderíamos ter máis recursos, para isto hai que traballar e hai que solicitalo, traballar e gobernar ben e facer a xestión a medida dos veciños de Vigo e non a xestión a medida do propio Sr. Abel Caballero que é o que fan, vostedes fan unha xestión á medida do propio Alcalde que é como facerlle un traxe ao Sr. Caballero.

Claro, eu digo que nós nos referimos a competencias municipais, en que termos ademais do abastecemento nos referimos a competencias municipais, a responsabilidade no consumo, no aforro, nas campañas, porque non só temos que estar pendentes de que temos problemas de auga cando temos a seca enriba senón que todo o ano falábamos antes da endemetríose nos colexios e nas escolas, tamén hai que facer campañas municipais de consumo responsable e pasaba o outro día eu pola Praza de Compostela as doce da noite e os regos automáticos estaban a matar contra as beirarrúas, nin sequera regaban as plantas, é dicir, un consumo responsable e un baldeo responsable por favor, que esta cidade nunca o tivo.

O cobro da auga das tarefas, vostedes saben que esta é unha das augas máis caras e non quere dicir que teñan que cobrarse máis ou menos pola auga senón que unha tarifa por consumo real sería tamén unha garantía de que o propio cidadán tivera un control no seu recurso, polo tanto sabe vostede que aquí supón que 15.000 litros por mes xa están liberados de prezo, polo tanto, si que iso e non axuda tampouco a un consumo responsable.

As obras municipais, xa falamos en moitas ocasións, e ETAP do Casal, o abastecemento, as tubaxes, a potabilizadora, esa emenda que presentamos hoxe, esa petición de interese vains permitir ter recursos para poder afrontar esas obras con seriedade, vostede fala de debate serio pero o único que fai é criticar a outras administracións, imos falar tamén da xestión responsable e das obras e do transvase e do consenso que tamén é importante, falaba o Sr. Jácome de que tamén falou o Sr. Caballero cos seus homónimos de Soutomaior e de Ponte Caldelas, afrontou seriamente este tema para que se faga a obra, porque non é insisto que teñamos a seca enriba para facer ese tema.

Vostedes estiveron negando a maior o pasado ano ata que tiveron enriba a seca e mandaron unha carta con dous días a Xunta de Galicia dicindo que só garantían o consumo para 25 días en Vigo, entón que se fixo, se fixo ese proxecto por parte de Augas de Galicia de emerxencia, emerxencia é unha modalidade de contratación cando hai risco e cando hai que facelo con emerxencia, agora xa neste tempo, entón estaba Eiras ao 11,5, menos do que está agora, é dicir, agora hai tempo de sentarse, de meditar e de facer ben as cousas con consenso, sabendo quen vai de cara ao futuro manter e controlar esas obras, como se van financiar e como se van facer. Hai un estudo, a Xunta de Galicia seguiu traballando, vostede miran para outro lado, ningunha medida a nivel municipal, ningunha reunión cos seus homónimos nos outros concellos para falar deste tema, pero a Xunta de Galicia si que fixo un estudo, un estudo sabendo como sería tamén tendo recursos da conca do Miño, tendo recursos tamén co transvase do Verdugo, hai un estudo que eu lles recomendo e sobre todo a vostedes que presumen tanto de transición ecolóxica.

Non quero rematar sen recomendarlles tamén a lectura dun artigo de Antón Lois que se chama “iluminar a sequía” que é moi importante para que vostedes toman nota.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Vostede están a falar agora, propoñen unha emenda, dixo que o goberno central, oia, cantos anos gobernaron? Onde estaban vostedes cando gobernaban? E o problema da auga canto tempo leva falando o Alcalde del? Como que dende agora e dende que se produzo a seca o ano pasado, leva moito tempo propoñéndoo, o goberno central o gobernaron vostedes durante 8 anos e vostedes non adoptaron ningunha medida, é máis o Alcalde reuniuse coa ministra

de Medio Ambiente e a ministra o único que lle fixo foi propoñer unha reunión co tema a auga para buscar solucións, solucións a longo prazo, oia o único que atopou foi que a ministra lle propuxo facer un seminario, iso foi o que lle propuxo a ministra, facer un seminario e hai dous meses ou menos que está goberno, reuníronse e xa se está a falar de posible transvase do Miño, recrecido da presa de Eiras, ou facer outra presa, xa se están buscando solucións pero o certo é que hai un convenio asinado que por certo, cunha moción aprobada e apoiada por vostedes en xaneiro deste ano, oia pero de que broma están a falar vostedes? De que están a falar vostedes do Partido Popular de Vigo? Saben o que novamente a defensa da Xunta de Galicia centra os intereses dos vigueses, é o incumprimento do Sr. Feijóo das súas obrigas, a Lei de augas de Galicia establece que a ordenación dos abastecementos e saneamentos en alta corresponde a Augas de Galicia, á Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia a que ten a competencia para esta ordenación dos abastecementos en alta, tamén lle corresponde a programación, a planificación e os proxectos, a construción e a explotación das obras hidráulicas declaradas de intereses na propia comunidade, oia vostedes o que deben esixir é o cumprimento das obrigas por parte da Xunta de Galicia, déixense de defender a Santiago de Compostela, o que teñen que facer co transvase é un acordo establecido, asinado e levarse a cabo.

A Xunta de Galicia di “cando se alcance o consenso” oia que consenso? Estamos de broma, é a que Xunta de Galicia para gobernar necesita agora consenso, pediuno para o hospital privado de Vigo? É unha nova forma de gobernar? A Xunta de Galicia ten que executar, porque está a falar de 450.000 persoas, o Concello de Vigo e nove concellos máis na área de Vigo, o que ten que facer é gobernar. Mire, sabe que pasa? Vostedes están empeñados cunha defensa, o Sr. Feijóo quere seguir acosando a esta cidade, o que non consegue cos votos queren vostedes conseguilo con medidas de presión, con insultos, é o que vostedes fan, a política do rastreo, o que lle vaia mal a Vigo esperan obter réditos electorais, é a política máis baixa, a baixeza na política, esa é a realidade, apoien o transvase que é necesario para Vigo e os municipios.

PRESIDENCIA: Non acontece nunca con ningún outro grupo, están todo o rato interrompendo, non mo poden facer, verdade? Teñen que controlar que sexa fan

por intervir sempre.

Entendo que non aceptan a emenda do grupo Popular.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Queríamos solicitar a votación por puntos, hai dous puntos na moción.

PRESIDENCIA: Acepta vostedes que se vote por puntos.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Se non aceptan a emenda.

PRESIDENCIA: Xa me dixeron que non a aceptan por puntos.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.08.2018 (Rex. Nº 1879/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(175).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ATENDER AS REIVINDICACIÓNS DO ALUMNADO E PROFESORADO DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICO DE GALICIA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1880/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de setembro de 2018, número 1880/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Na nosa cidade contamos cunha das escolas de arte dramático con máis prestixio a nivel nacional, a ESAD. Esta escola sofre, desde que Núñez Feijóo é presidente da Xunta de Galicia, recortes tanto materiais como de persoal xerando unha diminución na calidade da ensinanza e incluso problemas de seguridade para alumnado e profesores.

Na actualidade, o alumnado e profesorado da Escola Superior de Arte Dramático (ESAD) está en folga reclamando o incremento no número de docentes debido a que as horas de tutoría obrigatoria fan que se teñan que reducir as horas lectivas e a equiparación dos seus estudos aos universitarios xa que actualmente equipáranse a estudos de secundaria polo que o alumnado non pode acceder a becas imposibilitando moitas veces continuar coa formación e ademais unha vez graduados non dispoñen dun título de grao universitario.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a atender as reivindicacións do alumnado e profesorado da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia e que a consellería responsable inicie os trámites oportunos para recoñecer aos estudos do centro como grao universitario e a incorporación inmediata de docentes.”

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: A Escola Superior de Arte Dramático de Galicia é unha escola pública ubicada na nosa cidade que ofrece ensinanzas oficiais para obter o título superior de arte dramático en tres especialidades, dirección escénica e dramaturxia, escenografía e interpretación, e os seus 170 alumnos/as e os seus 35 profesores/as do centro a semana pasada estiveron tres días de folga e continúan

coas súas reivindicacións, e cales son as súas demandas? Pois é moi fácil, comecemos por eses números dos que acabamos da falar agora mesmo, o número do alumnado, este curso académico o centro aumentou a súa matriculación nos primeiros cursos e incluso hai lista de espera, tamén ten número de alumnos consolidados, nalgúns especialidades e incrementando notablemente noutros, polos corredeiros do centro normalmente atópanse unha serie de alumnado pois maquillados e vestidos de xeito distinto que acaban de baixar do escenario ou que están a punto de subirse a el, alumnado que precisa titorías especializadas e individualizas, pero falamos tamén do número de profesorado, un 20% menos dende o ano 2014 pero aínda así, un profesorado implicado que busca a innovación para ofertar a mellor formación que permita desenvolver o talento e a creatividade de cada un dos seus alumnos, se xuntamos as dúas cousas pois xa é fácil entender unha das reivindicacións das súas demandas, dotar á Escola Superior de Arte Dramático de Galicia dos recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións de formación, creación e investigación pero pasemos a outra, cando o Concello de Vigo asinou un convenio de cesión de terreos á Consellería para a construción da sede da Escola Superior de Arte Dramático, o proxecto falaba de tres fases, só foi construída unha, dende o ano 2005 nestes trece anos non se fixo nada máis, usan un salón de actos e a metade das aulas que estaban no proxecto inicial, todo isto repercute directamente na calidade do ensino.

Esa por tanto, é outra das súas demandas, finalizar o proxecto de construción da sede da ESAD onde quedan aí aínda dous edificios por construír e que nestes momentos son fundamentais para atender carencias especialmente relevantes en canto a talleres, aulas especiais ou un teatro ou auditorio tal e como estaba previsto nese Plan Inicial.

Na ESAD implántanse estudos superiores ubicados dentro das ensinanzas artísticas e de réxime especial, equivalentes a un grao universitario e aí está o quit da cuestión, equivalente, pero equivalente non significa universitario con todo que iso supón, primeiro para o alumnado, teñen problemas para cursar progradados, especializados, para cursar másters ou para obter becas, e cando as obteñen son preto de 800 euros por debaixo das que reciben os universitarios, teñen problemas para que o seu título sexa recoñecido no estranxeiro para traballar ou para seguir

formándose, en todo o resto de Europa estes estudos son universitarios, xa o dixo o Alcalde ao trasladarlles o seu apoio na súa reivindicacións, están simplemente defendendo o seu dereito a ter unha boa formación, pero tamén son dificultades para o centro, a duración dos estudos académicos son de 4 anos, igual que a universidade, funcionan con créditos igual que a universidade, con titorías docentes igual que a universidade, pero a nivel organizativo de funcionamento son considerados como un centro de secundaria, co que iso supón, e entre outras cousas tamén non poden contar nin con persoal técnico e terceiro para o profesorado, se lle esixe un nivel de preparación e actualización pero a tódolos efectos son profesores de secundaria, polo tanto, outra demanda, proceder á adscrición da ESAD á Universidade de Vigo para garantir que o alumnado poida facer todo o ciclo completo dos seus estudos, dende o grado ao doutorado, e que as condicións do profesorado sexan as axeitadas, todo isto é un apoio ás reivindicacións de toda a escola e nos queda algo máis, unha reivindicación que tamén trasladou ao Alcalde, que se implante a Escola Superior de Danza tamén na nosa cidade.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Mercantilización de todo o sistema educativo, iso é o que está a acontecer no Estado español, e a ESAD desgraciadamente é un exemplo máis do desmantelamento do sistema educativo público que non interesa ao sistema neoliberal que se trata de impoñer con moito éxito, debemos dicir.

Poucos alumnos máis avantaxados nesta estratexia que a Xunta de Galicia, xa dende o 2014 a comunidade educativa da Escola Superior de Arte Dramático ven denunciando a redución de persoal educativo e advertindo que nestas circunstancias non se poden cubrir as necesidades académicas e artísticas, estes recortes supoñen tamén non poder cumprir as esixencias do espazo europeo de educación superior. O 20% do profesorado foi eliminado dende o 2014 sendo o número de alumnos/as como xa dixo a concelleira, moi similar ao día de hoxe o que existía antes de ese ano. Este curso damos unha volta máis ao que parece unha estratexia para devaluar a escola e por extensión a ensinanza artística, son eliminadas tres prazas máis, e non é casualidade, cando o sistema público pecha a porta ás ensinanzas artísticas ábrese un nicho de mercado para a ensinanza privada, para a mercantilización, para o lucro duns poucos en prexuízo das máis.

No ano 2015 a plataforma pola adscrición e a integración das ensinanzas artísticas na universidade xa denunciaba que centros privados autorizados comezaban a impartir títulos superiores de música non implantados nos conservatorios superiores públicos, un claro caso que vulnera a igualdade de oportunidades na educación, xa que só quen poida pagalo pode acceder á ensinanza privada, vulneración que tamén se da por exemplo na escola de restauración en bens culturais porque a suposta equivalencia cos estudos universitarios acaba dándose só na ensinanza privada coa correspondente desigualdade no acceso a bolsas para posgraduados, descontos no transporte, continuar estudos, incorporación ao mercado laboral, pois ao final sempre se prima a titulación universitaria, isto é un problema político e é un problema ben sinxelo de arranxar que ten que ver coa ordenación académica, acaba de preguntarse sehai presión de universidades ou centros privados de ensino superior que están acaparando a certos títulos de posgrado incluídos títulos específicos de doutorados en ensinanzas artísticas. A Universidade de Vigo efectivamente está de acordo coa adscrición deste centro da nosa cidade sen alumnos cun grado de preparación moi alto que se están creando compañías dun nivel espectacular, non pode ser que despois de tódolos esforzos que se fixeron para crear esta escola, o estudantado teña que ir a centros privados para cursar especialidades e poder ampliar a súa educación.

Mención a parte, tal e como denuncian os sindicatos de clase, merece o papel que xoga o inspector asignado ao centro con actitudes hostís e decisións arbitrarias abaladas pola xefatura territorial, non temos dúbida que seguindo ordes superiores. Polo tanto, xa toca interpelar ao conselleiro de educación o Sr. Román Rodríguez e que a Xunta deas as explicacións pertinentes por este novo ataque á educación pública.

Apoiamos totalmente as reivindicacións do alumnado e persoal da ESAD, desexámoslle moitos azos na súa loita que é unha loita pola Educación pública de calidade e en igualdade de oportunidades e por suposto a través do grupo parlamentario de Marea pediremos tamén as explicacións e as responsabilidades que se correspondan, totalmente a favor do acordo que expresa esta moción e evidentemente imos votar a favor.

SR. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que aquí temos dous temas enriba da

mesa, temas ademais nos que se está a traballar dende hai xa bastante tempo e temos un tema que é o tema do profesorado e temos un tema da adscrición á universidade. O propio director do centro reconece que son temas académicos que vostedes traen aquí como sempre convertidos en temas políticos, en batallas políticas, en acusacións á Xunta de Galicia.

Ben, o tema do profesorado o anterior luns houbo unha reunión no edificio da Delegación da Xunta de Galicia aquí en Vigo con representantes da propia Escola de Arte Dramático, con representantes da inspección, da Xunta de Galicia, nas que se falou desa posibilidade, vostede leu Sr. Alonso un informe que nós tamén temos, algo modificado, e que si é verdade que hai unha xustificación por un tema de horas, de titorías, hai unha xustificación por unha titulación e uns estudos que se están levando a cabo como se foran de secundaria e que poden ser estudos universitarios e polo tanto, é un traballo que se está a desenvolver tranquilamente sen problemas políticos, a vostedes o que lles gusta é poñerse detrás da pancarta e quitar rédito político absolutamente de todo, eu teño que dicir con moita tranquilidade e moi orgullosa desta Xunta de Galicia e deste delegado de Educación e deste Conselleiro que este tema está enriba da mesa, que se está a tratar e que probablemente teña unha solución nos vindeiros días.

Despois falamos da adscrición á Universidade, a adscrición á Universidade gustárame que vostede ademais de traer esta exposición cando agora remate o Pleno chame aos seus compañeiros de Andalucía por exemplo, porque son os que iniciaron perfectamente esa exposición, necesidade de que as ensinanzas artísticas que poidan adscribir á Universidade, alí teñen unha auténtica muralla absoluta coa Xunta de Andalucía que non lles permite para nada que as ensinanzas artísticas nin danzas, nin arte dramático, nin música se poidan adscribir á universidade é un tema que teñen tódalas comunidades autónomas enriba da mesa, e vou dicirlle o primeiro paso que deu o Partido Popular cando gobernaba no goberno central e vou ler exactamente o que fixo, a LOMCE que vostedes tanto critican, esa LOMCE que era un monstro reforzou o carácter destas ensinanzas superiores equivalentes ao título de grado ao establecer que os alumnos abro aspas porque é literal “ os alumnos que superen os estudos de ensinanzas artísticas superiores obterán o título superior que queda incluído a tódolos efectos no nivel dous do marco español de cualificacións para educación

superior e será equivalente ao título universitario de grao, sempre que a normativa aplicable esixa estar en posesión do título universitario de grao entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do corresponde título superior” son pasos que se deron adiante, son pasos consensuados coa propia Escola de Arte Dramática, cos propios profesores e cos propios alumnos é un camiño que hai que percorrer xuntos, da man, que ningunha comunidade autónoma deu o paso por algunha razón, que hai moitos membros do Partido Socialista, deputados autonómicos, nacionais, que non queren que o estudo do arte dramático se adscrita á universidade, que o teño eu sabido. Polo tanto, que vostedes veñan a facer política de pantomima, acusar á Xunta de Galicia explicitamente deste tema, de verdade Sr. Alonso é que non está a altura, e que vostedes falan de debates de nivel, de futuro, de proxeccións e o que fan aquí son auténticas pantomimas políticas para enganar aos cidadáns de Vigo, que dígolle unha cousa, que se lles está a caer a careta e xa quedan 8 Plenos, 8 mocións multiplicadas por tres pantomimas e que xa non imos aguantar así.

Polo tanto, voulle dicir ademais, vostede fala tamén do entorno, de Navia, miren Navia está esperando por unha sala de lectura-biblioteca, non sei como chamala xa, tres anos, pero é que ademais só para cambiarlle no nome vostedes tardaron nove meses, e que non hai ningunha pedra posta, e que non hai nin ubicación decidida, os veciños de Navia están agardando por iso, competencia única e exclusivamente municipal, os veciños de Navia están falando de que se arranxen algúns accesos, parques, zonas totalmente abandonadas, exclusivamente competencia municipal.

Si é verdade que o centro e a Escola de Arte Dramático está moi integrada na cidade de Vigo, que está moi vinculada á Universidade de Vigo, que podería ser un Plan Piloto exemplo para toda España e nós non nos imos a opoñer a iso, para nada, precisamente porque xa estamos traballando neste tema, dende a Xunta de Galicia e dende o grupo municipal porque sabemos a importancia que ten ese centro para Vigo e porque ademais foron gobernos do Partido Popular no goberno municipal os que estiveron impulsando e apoiando permanentemente esa escola e así porque sabemos a realidade e a temos preto, e nós non estamos como unha anteface facendo aquí mocións para acusar a todo o que está ao redor e non facer política de altura, política de altura no tema da auga Sra. Alonso, Sr. Pardo e

política de altura neste tema que é un tema académico importante para o territorio e para toda España.

PRESIDENCIA: Efectivamente política de altura coa auga sobre todo porque a competencia é da Xunta de Galicia.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Eu antes de nada quería dicir unha cousa, eu supoño que aquí os argumentos que se utilizan son moi distintos e cada un que lide co que lle toca pero non lle vou permitir é falar de pantomimas, pantomimas este grupo de aquí, nin esta concelleira, nunca, porque o compromiso o demostramos día a día e o demostramos no noso traballo, entón pantomimas ningunhas.

Si que estou de acordo con vostede, fíxese nalgunha cousa que dixo, di “estes son temas que se están traballando dende hai tempo”, é verdade, pero voulle dicir como se está a traballar, porque dende que entrou o Sr. Feijóo no goberno aquí de verdade os recortes foron en todo o que represente tamén aquí esta escola, en profesionais da educación, en investimentos e en infraestruturas públicas, iso si que é verdade que se está a falar dende hai tempo, iso é o que sufrimos os profesionais, tamén voulle dicir, alégrome que me diga que se está a falar coa escola porque si hai unha cousa que as instalacións educativas son importantes, os investimentos en educación moito máis pero sobre todo escoitar á clase docente é importante e o diálogo, iso é importante.

A ver, que vostede me diga que este proxecto, o que está a reivindicar eles estase a desenvolver dun xeito normal cando esta semana pasada estiveron tres días de folga se a vostede lle parece normal iso, pois eu non sei, a min non me parece, a min cando unha comunidade educativa ten que recorrer á folga para que se lles escoite as súas reivindicacións, non me parece un proceso normal.

É difícil isto, pero tamén chegar a dicir en declaracións que a escola conta co persoal necesario, unha autoridade educativa que diga que a escola conta co persoal cando ao final o que facemos é dividir o número de alumnos entre profesores e que iso non é facer contas porque voulle dicir, esas non son as contas porque aí só se fala de números, non se fala nin de persoas, nin de expectativas, nin de futuro, nin de educación e ese é un problema é o problema que teñen o Partido Popular, o problema que ten o Partido Popular e que só contan os números

e que non somos números Sra. Egerique, entón si que temos que estar apoiando porque a verdade é que nesa escola fíxense que falamos de fai 13 anos, nesa escola non se fixo nada máis, dende o 2005 non se fixo nada máis, é verdade que representa e que está aquí na nosa cidade e que ademais voulle dicir unha cousa, é moi grave que se poñan en risco este tipo de ensinanzas cando están totalmente establecidas, están na nosa cidade pero é que a escola é a Escola Superior de Arte Dramático Galega, porque é a única escola que hai na nosa comunidade autónoma. Entón o que si teño claro e que como está en Vigo, nós defenderémola porque para que siga aquí e para que estea nas condicións adecuadas.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do titular; así mesmo atópanse ausentes o Sr. Aneiros Pereira e a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.09.2018 (Rex. Nº 1880/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9(176).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 432/1102 (REXISTRO PLENO 1875/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 432/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

10(177).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 433/1102 (REXISTRO PLENO 1876/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 433/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

11(178).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOLICITANDO COMPARECENCIA DO ALCALDE NO VINDEIRO PLENO ORDINARIO CO OBXECTO DE DAR Á CIDADANÍA EXPLICACIÓNS SOBRE O ACCIDENTE DO MARISQUIÑO 2018, ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS E DE SEGURIDADE LEVADAS A CABO. REXISTRO PLENO 1866/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de setembro de 2018, número 1866/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado domingo, 12 de agosto, ocorreu na nosa cidade un lamentable accidente durante a celebración do Marisquiño que de non ter sido diversas circunstancias externas podería ter causado mesmo vítimas mortais.

Aínda así, os centos de feridos que se produciron nese accidente merecen a máxima transparencia e implicación desta administración municipal como autorizante dese evento para o esclarecemento do acaecido.

Dende o mesmo momento en que se produce o afundimento de parte do paseo nas inmediacións do lugar onde se estaba a celebrar o concerto de Rels B, este Concello ten tratado de omitir a súa responsabilidade do asunto primeiro desviando a responsabilidade á Autoridade Portuaria de Vigo e logo tratando de ocultar a información sobre a tramitación do expediente de autorización do evento.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Vigo solicitamos a celebración dun Pleno extraordinario da Corporación Municipal co obxectivo de que o alcalde de Vigo dese a toda a cidade as explicacións necesarias sobre os feitos acaecidos e sobre a actuación administrativa e de seguridade levada a cabo por este Concello.

Non tendo sido así vémonos na necesidade de solicitar unha comparecencia do alcalde de Vigo, como él mesmo suxeriu no transcurso do debate do Pleno extraordinario solicitado polo Partido Popular, para que deixe de agochase detrás dos seus concelleiros e asuma as súas responsabilidades como alcalde.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular ao abeiro do disposto no artigo 67 do regulamento orgánico do Pleno do Concello insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

- Aprobar a comparecencia do alcalde de Vigo, Abel Caballero, ante o vindeiro Pleno Ordinario da Corporación, como él mesmo suxeriu no transcurso do debate do Pleno extraordinario solicitado polo Partido Popular, co obxectivo de dar á cidadanía todas as explicacións necesarias sobre o accidente ocorrido na noite do 12 de agosto durante a celebración do Marisquiño 2018 e sobre as actuacións administrativas e de seguridade levadas a cabo por este Concello.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Hoxe traemos aquí unha moción de extraordinaria importancia, unha moción que ademais ven provocada pola reiterada negativa por parte do goberno municipal e do Alcalde a dar explicacións, eu sinceramente pediría e espero que Alcalde de Vigo faga a súa aparición en breves segundos porque xa sería o colmo da falla de respecto a tódolos feridos e as súas familias que o Alcalde de Vigo nin sequera estea presente cando falamos, probablemente o maior accidente que se produciu na nosa cidade. Falaba antes a señora concelleira

de que os números non eran importantes, os números son moi importantes e neste caso hai un número que é clave 467 feridos, persoas a maioría deles mozos que sufriron un accidente grave o pasado 12 de agosto cando se afundiou unha parte do Paseo das Avenidas, esa é a triste realidade, e a triste realidade é que 45 días despois dese grave accidente, aínda estamos esperando polas explicacións, porque nós dende o primeiro momento, xa non vou dicir que avisamos que algo así se podería producir, xa non vou dicir iso, pero si vou dicir que dende o primeiro momento pedimos explicacións porque crimos que era a nosa responsabilidade pedir explicacións polo que pasou, un accidente que ten lugar en Vigo e que ten que responderse polo máximo responsable da nosa cidade, que é o Alcalde de Vigo que é o Sr. Abel Caballero. Pero desgraciadamente elixiron vostedes seguir o manual do que non se debe facer nun goberno e nun Alcalde con seriedade e con rigor, sobre todo fronte a un accidente, insisto, grave que puido ser unha verdadeira traxedia que se puido levar vidas humanas, esa é a realidade, e se non foi, foi por factores externos, alleos á acción dese goberno municipal, e que é o que fai este goberno e este Alcalde, o primeiro que fai? Mentir, mentiuos a todos cando dixó que o goberno local e el non autorizaba os concertos, no expediente que nos deron, despois de dicirlle que nos íamos aos xulgados, aparece aquí autorizado o concerto que provocou o accidente, o afundimento do paseo con 467 feridos, o primeiro que fixo foi mentirnos, segundo, escondeuse, claro eran tantas as preguntas sen responder, que é o que fixo, esconderse detrás dun concelleiro para non contestar as preguntas como se está a esconder neste momento fallando insisto ao respecto aos feridos, ás familias e xa non digo á oposición porque diso xa estamos acostumados día si e día tamén, demasiadas preguntas sen responder, negouse a facer unha comisión de investigación en Vigo e se puxo dos nervios cando esa comisión de investigación aprobouse no Parlamento de Galicia, fixo un Pleno extraordinario para 15 minutos dicindo que non, que o tiñamos que pedir era unha comparecencia, aquí está pedida a comparecencia, veremos a ver, pinta moi mal porque nin sequera o Alcalde ten a decencia de estar presente no debate desta moción, queremos que compareza o Alcalde de Vigo por moitos motivos, queremos que compareza o Alcalde de Vigo para que explique porque non deu unha licenza para O Marisquiño, na súa globalidade, como si por certo deu para o SeaFest, queremos que compareza o Alcalde de Vigo para que nos explique por

que non esixiu as declaracións responsables que lle pide a lei, queremos que compareza o Alcalde de Vigo para que explique porque non fixo as comprobacións de seguridade, porque a única comprobación de seguridade que fixo o Concello se limitou a unha comprobación visual do Estado da montaxe, unha verdadeira vergoña, nun evento que ía traer miles de persoas saltando sobre un paseo que sabía que estaba en malas condicións, queremos que compareza o Alcalde para explicar porque non se fixo control de aforo, queremos en definitiva que o Alcalde exerza como tal, que dea a cara, que compareza e lles explique a tódalas familias por que non evitou que se producira este accidente, por que fixo todo o posible para que ese accidente se producira ao final, por que non tomou tódalas medidas que ten que tomar para evitar que se producira ese accidente, e agora coa súa ausencia estou demostrando, non lle importan as persoas, non lle importan os vigueses, só se importa así mesmo, somos única e exclusivamente vasallos ao servizo dun señor, somos vasallos para el ao servizo dun señor, e señores o tempo do feudalismo rematou e estamos en democracia e o Alcalde ten que dar explicacións, iso é o que vimos a pedir neste moción.

SR. PÉREZ CORREA: A reflexión que nós queremos trasladar é si é medio normal que a oposición teñamos que empregar tres mocións para intentar buscar algún mecanismo mínimo de traballo colectivo para saber que pasou ese día aí, tres mocións, porque os concellos civilizados abren comisións, estou vendo agora mesmo o ditame que o Partido Socialista emitiu na comisión de investigación do Madrid Arena, o Partido Socialista tivo 140 documentos a súa disposición en Madrid, 140, están listados, contratos, solicitudes e máis de 50 comparecencias, incluso houbo 20 comparecencias vetadas polo Partido Popular, non pasa nada, este grupo municipal, calquera grupo municipal constituímos unha comisión e temos acceso a tódolos documentos e con tódolos documentos elaboramos un ditame, non temos nin porque estar de acordo nas conclusións, como o Partido Socialista en Madrid non estaba de acordo coas conclusións do Madrid Arena e emitiu un ditame particular, nós non queremos unha comisión culpabilizadora, xa o dixemos, o que pasa que en vez de afrontar un debate político natural e un mecanismo de traballo que temos os cargos públicos, comezou o delirio das comisións que tamén queremos saber que pasou con Marcial Dorado, pois tamén

comisións sobre a ocupación francesa no 1800 e pedímoslle responsabilidades patrimoniais pola reconquista, se comezamos co delirio das comisións, imos ser serios nesas cuestións, e posiblemente non sexa no Parlamento de Galicia onde o Concello de Vigo ten que dirimir cuestións, pero si o Porto de Vigo ou o Presidente da Autoridade Portuaria noméao o Papa de Roma, noméano a Xunta de Galicia e polo tanto si que o Parlamento de Galicia ten que ter unha comisión para saber cal é o estado das infraestruturas portuarias nesa responsabilidade, pero é que neste Concello tiñamos que ter xa a comparecencia do Alcalde, eu para escoitar un mitin do Alcalde non veño aquí, eu non quero unha comparecencia para escoitar ao Alcalde nin sequera achegar nin un mínimo de rigor ás cuestións que lle estamos a reclamar á oposición, nós queremos saber cuestións que son técnicas e traballar, non en 5, nin 10 nin 15 minutos, queremos ese compendio de documentos, queremos saber cales van ser os mecanismos incluso de mellora, o Plan de Emerxencia, pois queremos velo, queremos saber tamén as cuestións competenciais dicíao o outro día o Presidente da asociación galega de empresas de enxeñería, a ir responsabilidade xa é que un convenio que é certo que é interpretable, durante 20 anos non se puxeran as dúas administracións de acordo en cales eran as actuacións que tiñan que levar unha administración ou outra.

Polo tanto, está ben, vostedes consideran que é normal que a oposición teña que gastar tres mocións en pedir un mínimo de traballo rigoroso ante unha cuestión que aínda que o queiran apagar pola súa capacidade de evitar que se fale nalgúns medios, que desaparece da portada dalgúns medios de comunicación o debate sobre O Marisquiño, que apareza outro tipo de infografías e delirios, aínda que vostedes pensen que teñen esa capacidade de intromisión na comunicación nesta cidade e que se apaguen os temas, é un tema que se fala nas rúas, é unha irresponsabilidade non responder politicamente a un debate que está aberto na sociedade porque agora é isto, pero imos ter o debate de Bouzas, xa hai unha queixa formal dos veciños do Casco Vello do estado do Berbés, a situación da rotura dalgunhas partes da entrada do aparcadoiro, é un debate que temos que afrontar nalgún momento, ou imos estar tirando do peloteo entre as administracións cando case nos xogamos vidas, é certo, seguramente a metade dos problemas que estamos tendo teñen que ver con que afortunadamente non houbo vítimas porque senón vostedes non poderían eludir unha responsabilidade

de abrir unha comisión de investigación, só fallaría porque obviamente tamén habería unha cuestión xudicial e repito, quen diga que en cuestións de responsabilidade política o que ten que actuar é un xulgado, creo que estamos xogando en falso porque os xulgados sabemos cando responden e moitas veces por desgracia neste país chegan as sentencias e chegan as solucións de problemas cando os políticos xa están nunha xubilación dourada e moitas veces incluso cando as responsabilidades políticas prescriben. Nós queremos toda esa documentación, queremos que se faga esa comisión e imos seguir reiteradamente repetindo que é un instrumento absolutamente válido, nós levamos elaborando un listado de posibles comparecencias que pediríamos nesa comisión e superan as 20, e non son precisamente comparecencias de políticos senón de técnicos, de técnicos capacitados para explicar determinadas cuestións porque non creo que os 27 que esteamos aquí saibamos de calco de estruturas ou en todo caso de cuestións que teñen que ver con técnicas edificatorias.

Polo tanto, se non se abre ese debate a nós as comparecencias, aínda que imos votar a favor, nos parecen absolutamente irrisorias.

SR. LÓPEZ FONT: En primeiro lugar, e como sempre facemos, queremos trasladar un saúdo novamente ás vítimas do accidente co desexo de recuperación nas súas lesións físicas, tamén trasladándolle todo o apoio e co desexo de xustiza nas reclamacións que propuxeron, Sr. Pérez conviría que lle propuxera ao Concello de A Coruña unha comisión de investigación sobre o tema dos pisos decretado polo Consello Consultivo, e pretendo manter a tranquilidade fronte afirmacións que se fixeron pola voceira do Partido Popular.

Esta é unha moción baseada nun interese político partidista en insistir neste debate, este debate ten tres eixos, actuación do Concello absolutamente impecable e demostrado pola documentación que lles entregamos á que vostedes non fixeron ningunha matización, nin fixeron ningunha corrección, a outra é zona do accidente claramente en zona portuaria, eu como o Alcalde nin xulgo nin culpo pero evidentemente foi en Zona Portuaria e aquilo é un peirao, e terceira e efectivamente corresponde á actuación xudicial, unha xuíza e un fiscal encargarse de ver o que pasou e de ver como se fixo o procedemento por cada unha das administracións.

Calquera que se tomara a molestia e vostede Sra. Muñoz seguro que non, de analizar estes tres aspectos ten unha conclusión clara, hai un ámbito de competencias do que vostede non está a falar, hai un ámbito sobre a zona do accidente que é un boletín oficial do Estado que é unha zona portuaria e hai unha actuación do Concello absolutamente impecable porque esta é a explicación política, a carpeta cos documentos entregados a vostedes, esta si que é a explicación política do que fixemos, do que pasou, de en que marco competencial nos movemos.

Polo tanto, o máximo respecto ás actuacións xudiciais, xa falamos disto no Pleno anterior, vostede fixo 450 roldas de prensa sobre o tema e hai un feito incuestionable, non foi capaz de rebater absolutamente ningunha das actuacións deste Concello; polo tanto, decidirá a xustiza, cales son as causas do que realmente pasou, o que pasa é que o Alcalde si que estivo coas vítimas, o Alcalde si que posteriormente tamén dirixiuse a elas e os que non se dirixiron na noite precisamente foi o Presidente da Xunta de Galicia non vostede que saíu correndo porque el nin sequera veu.

Mire, vostedes deron unha orientación a este tema á política partidista, o único que trata de facer o Partido Popular de Vigo e o Sr. Feijóo é atacar ao goberno municipal e ao seu Alcalde sen ningún rigor, xa o intentaron cos incendios, coa auga dos colexios, etc., e a conclusión é moi clara, pouco lles importa O Marisquiño, a estratexia pasou ao insulto ao Alcalde da cidade, un Alcalde elixido libremente polos cidadás, cun 52% e esta cidade asistiu o venres pasado á situación máis indigna dende o punto de vista político e é que alguén que representa a tódolos galegos, tamén aos vigueses veña a un acto de partido que vostede quedaría moi contenta, pero a insultar aos vigueses e é o Presidente de tódolos galegos e comportouse dunha forma indigna, pero a vostede o que lle preocupa son as siglas, todo estaba orientado ao casting de operación triunfo ao que están sometendo ultimamente á presentación de candidatos e como andan vostedes moi desesperados é evidente que a actuación do Sr. Feijóo o pasado venres non ten similar, pero sabe cal será a contestación dos vigueses ao que fixeron vostedes o venres, a contestación será dentro xusto de 8 meses. Pero adicionalmente a vostedes como oposición política tamén nos atopamos a nivel de Galicia coa pretendida esquerda, co falso progresismo e con que Bloque

Nacionalista Galego e Marea de Vigo nesta operación política se aliaron coa dereita dura, con esa que representa o Sr. Feijóo que se paseou cun narcotraficante, e iso só ten un obxectivo, afundir ao Alcalde de Vigo, esta operación do Parlamento de Galicia lémbreme moito cando se botou a un Alcalde socialista nun pacto entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular, seguro que iso é o que pretenden pero con este Alcalde non o van conseguir, e que tomen nota Marea de Vigo e o Bloque Nacionalista Galego como Partido Popular, todo isto terá as súas consecuencias políticas.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que canto lles doeu que houbera voz nesta cidade e que se vira que esta cidade está viva o pasado venres, xa veremos o próximo mes de maio, pero Sr. Font, eu lle escoito sempre co máximo respecto todo o que me di, pero hai unha cousa que non lle vou tolerar, non lle vou tolerar que diga vostede que esta voceira e que este partido non estivo ao carón das vítimas porque a noite do accidente onde estaba vostede Sr. Font, porque eu estaba alí cos concelleiros do Partido Popular, estaba vostede de vacacións Sr. Font.

PRESIDENCIA: Por favor, deixen continuar falando.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu estaba alí onde foi o accidente esa noite, como tamén visitei aos enfermos iso si sen unha cámara fotográfica detrás como fai o Sr. Alcalde para facer publicidade e tamén lle digo unha cousa, eu cando hai algún afectado por ese accidente e quere falar comigo escóitoo, o Alcalde o que fai é saír correndo, esa é a realidade do que está a pasar a día de hoxe, porque hai que dar a cara, e aquí estamos vendo como no da a cara e como non son capaces de dar a cara o Alcalde de Vigo, porque se pode ser responsable dun accidente por acción ou por omisión e dende logo, aquí hai responsabilidades por omisión e hai negligencia e hai interese expreso en ocultarnos a tódolos vigueses o que vostedes fixeron e o que pasou, porque se non hai nada que ocultar non ten que haber ningún problema en comparecer, en dar explicacións, en contarlle ás familias, aos feridos e a tódolos vigueses que se tomaron tódalas medidas de seguridade, pero a realidade é que iso non se fixo, os vigueses teñen dereito a saber a verdade, os

vigueses teñen dereito a coñecer o que pasou o 12 de agosto no termo municipal de Vigo señores do goberno municipal, termo municipal de Vigo onde é competencia exclusiva do Alcalde de Vigo, termo municipal de Vigo, quen autorizou o concerto? Quen o fixo? Neses papeis o demostran, o Alcalde de Vigo, este goberno municipal, polo tanto, é o máximo responsable de ter inspeccionado e garantido a seguridade e iso non o fixo e non o fixo a sabendas porque sabía que o paseo estaba en mal estado.

Nós fomos coherentes, pedimos dende o primeiro momento explicacións, o pedimos aquí, pedímolo en Santiago de Compostela, en tódalas partes porque queremos explicacións, esiximos explicacións e o que temos diante é un Alcalde que ensina a súa verdadeira cara, un Alcalde que se cree o dono da cidade, un Alcalde que está ensinando a máxima covardía política ao estar ausente nuns dos debates máis importantes que poida ter esta cidade e este Pleno e que unha vez máis insulta ás vítimas, as súas familias e insulta á tódolos vigueses, pero vaise saber a verdade Sr. Font, vaise saber a verdade a pesares do Sr. Alcalde, e entón terá que asumir a súa responsabilidades políticas porque unha cousa son as responsabilidades políticas e outra as xudiciais, e as responsabilidades políticas apuntan a mesma persoa, ao Sr. Abel Caballero Álvarez.

VOTACIÓN: Con 8 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstencións queda rexeitada.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do titular; así mesmo atópanse ausentes o Sr. Aneiros Pereira e a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez,

Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 7.09.2018 (Rex. Nº 1866/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(179).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ESIXIR Á CONCESIONARIA XER A READMISIÓN DOS OITO TRABALLADORES DESPEDIDOS E NO CASO DE NON ATENDER Á PETICIÓN SE PROCEDA Á RESCISIÓN DO CONTRATO. REXISTRO PLENO 1874/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de setembro de 2018, número 1874/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popuar, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende o Partido Popular queremos expresar a nosa profundísima preocupación polo que está a suceder co contrato da XER e cos seus traballadores. Non podemos deixar de sorprendernos co inconmensurable cinismo do alcalde e deste goberno que coñecían perfectamente o que ía suceder cos traballadores da XER

O goberno local coñecía perfectamente a vontade de Dornier de realizar un forte reaxuste do seu persoal pois así o expuña na súa oferta para o concurso e o concello non só asumiu esta oferta senón que a valorou coa puntuación máis alta.

Ademais este goberno coas progresivas humanizacións eliminou máis dun 20% das prazas de XER existentes inicialmente, de 2.800 iniciais elimináronse máis de 600 o que puxo en grave risco de viabilidade a esta concesión e aos seus traballadores.

Na mesa de contratación deste Concello celebrada o pasado 14 de novembro o

Partido Popular manifestou o seu voto en contra desta adxudicación porque viamos vir este problema e como adoita ser habitual o goberno non fixo nada.

Agora atopámonos nunha situación completamente absurda na que a empresa ten despedido a 8 traballadores incumprindo a obrigaición de subrogación ao novo contrato e ademáis non está a cumprir cos pregos ao non ter posto en marcha o novo servizo no prazo de tres meses trala firma da nova concesión.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

- Instar ao Goberno municipal á esixir á actual concesionaria do servizo a readmisión dos oito traballadores despedidos así como a garantirlle a estabilidade dos seus empregos.
- Instar ao Goberno municipal a axilizar o procedemento de rescisión do contrato á actual concesionaria no caso de que non atenda a anterior petición, obrigando á empresa á que lle correspondese substituír á actual a aceptar as condicións de mantemento e estabilidade do emprego.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Como xa estamos vendo temos un goberno que non da cara, un goberno ao que se lle está vendo perfectamente como exerce o goberno e como entende o goberno, acabámolo de ver neste Pleno pero tamén ímolo ver nesta moción, un goberno nesta moción que imos ver como novamente non da a cara fronte aos traballadores da XER. Hai uns días, no anterior Pleno, escoitábamos a un representante dos traballadores da XER a situación dramática que estaban a vivir non só as 8 familias, os 8 traballadores despedidos pola concesionaria municipal senón tamén en xeral tódolos traballadores da XER que non tiveron outro remedio que ir á folga para defender os seus dereitos, e que é o que se atoparon? Fronte a esta folga e fronte a esta acción? Palabras baleiras por parte do goberno municipal e cero feitos, unha vez máis o Alcalde de Vigo como digo non deu a cara, nin sequera lles recibiu no seu despacho, nin sequera lles escoitou, ese é verdadeiramente o Alcalde que temos cando hai un problema, estámolo vendo cada día con máis frecuencia, porque este problema que existe agora e que están a padecer os traballadores poderíase ter evitado se se houbera actuado como se tivo que ter actuado no contrato da XER. Era un problema que desgraciadamente como dicían os traballadores aquí neste Pleno víase vir, o incumprimento da concesionaria víase vir, as formas nas que se fixeron esta contratación non

puideron ser peores, catro anos de tramitación, seis versións do prego técnico, catro versións do prego administrativo, tres recursos contra os pregos, resolucións dos tribunais, volver a redactar os pregos e así podería seguir minutos e minutos con tódolos despropósitos que tivo este expediente de contratación por que? Por que había un interese en adjudicar este contrato a unha empresa que tiña unha oferta incongruente? Que xa o dicían os propios técnicos municipais nos seus informes, que a oferta de Dornier non era unha oferta congruente, que non se podía explicar como cando o estudo financeiro falaba 1,3 millóns de custe de persoal, a oferta Dornier propoñía un gasto de 822.000 euros, iso non se podía explicar, algo tiña que haber detrás, e o que había detrás xa o estamos a descubrir e desgraciadamente estano a vivir en primeira persoa eses traballadores que aproveito tamén para saudar que están hoxe aquí con nós para escoitar haber se conseguen algunha explicación máis que unha palabra baleira do goberno municipal; porque o Concello a pesares de que sabía esas incongruencias na oferta insitiu e persistiu en darlle a concesión a Dornier, nos preguntamos todos cada día máis, por que? Por que se lle deu esa concesionaria? Por que se mantén agora esa concesionaria? Por que se está permitindo unha folga sen tomar ningunha medida contra a concesionaria? Por que se abren expedientes disciplinarios? Por que se da a volta administrativamente para alongar o tempo, alongar prazos e manter a situación crítica que están a vivir tódolos traballadores da ORA a día de hoxe? Iso é o que non se explica aos traballadores e dende logo nós non nos explicamos.

O que queremos é que pasen da palabra á acción, dicíallo o outro día e vólvollo dicir agora, que pasen da palabra á acción, que rescindan o contrato, que interveñan o servizo da ORA. Non podemos seguir así, non podemos ter un servizo da ORA que non funcione na nosa cidade, coa parálise que iso leva consigo para os comercios, para os cidadás, cos efectos que están provocando en tódolos cidadás, non podemos ter a traballadores indefinidamente en folga sen darlle nin unha soa resposta seria, e contundente e sen tomar as medidas que este goberno pode tomar se quere, a pregunta aquí é, queren vostedes atallar este problema? O teñen intereses en que este problema continúe? Se atreven vostedes coa concesionaria Dornier ou non se atreven? E por que? Por que están permitindo esta situación? Porque están a permitir que se consolide este problema e que se faga cada día máis grande, esas son as respostas que volvemos pedir nesta moción,

que esperemos que se faga por parte do Goberno, que deixen de lanzar balóns fora que nos veñan á historia de Vigo, que falen do que pasa e sobre todo nos digan o que van facer, non mañá, o que van facer hoxe para solucionar este problema e o único que nos teñen que dicir é que van rescindir o contrato e van intervir a concesión da ORA porque non poden estar nin un minuto máis unha empresa que está contra os traballadores e contra os vigueses.

SR. PÉREZ CORREA: Nós obviamente recollendo tamén o que foi o debate no anterior Pleno e recollendo tamén o contido desta moción, obviamente cremos que esta moción recolle gran parte do que o grupo de Marea de Vigo temos trasladado nos últimos meses.

É certo que hai dous debates, hai un debate sobre como se procedeu na Mesa de Contratación e digo na Mesa de Contratación porque para nós as Mesas de Contratación deste Concello son órganos absolutamente opacos dos que este grupo decidiu ausentarse precisamente por exemplos como este, gustaríanos saber porque algúns informes técnicos moi claros e concisos sobre esta concesión foron retirados dos expedientes, quixéramos saber incluso que negociacións fora da Mesa de Contratación se deron con esta empresa para que esta empresa tragara a desaparición de 800 prazas de aparcamento sen dicir nin “mu”, pero como iso é outro debate e o único debate que nos interesa agora mesmo é cal vai ser a solución nas próximas 48 horas, que isto non se vaia máis alá da fin semana, a solución a un conflito e unha folga indefinida dun servizo público esencial, e vostedes tiñan a solución, chámase, soa moi grave pero chámase así, secuestro da concesión, non hai outra, non nos vale o que propón o Partido Popular de que volvan meter aos 8 traballadores e paz infinita no mundo, non, aquí hai un caso claro de desobediencia da concesionaria, regulada ademais, de actuación para nós xa tería outro cariz, de represión sindical, que polo tanto debería abrir outro canle que é o canle delictivo ante un dereito absolutamente democrático que é a sindicalización e a participar obviamente, polo tanto tamén de actividade sindical, como delegados durante o procedo electoral, a vixencia dun delegado, pero tamén un ano despois de deixar de ser delegado, por iso nós presentamos esta emenda, o que queremos é que automaticamente se execute a cláusula 49 que está no prego da concesión que é o secuestro da concesión, absolutamente isto é unha

cuestión que terá que ter un informe técnico, terá que ter unha solución, pero ten que darse inmediatamente porque a situación dos traballadores/as da concesionaria é insostible, non vale de nada que xa volvan os 8 traballadores, iso volvíaa o primeiro, o segundo día, cando se chegou incluso con tódalas previsións que se tiñamos todos/as de como ía darse precisamente ese 30% de rebaixa que propoñía Dornier no prego.

De facelo, o grupo do goberno vai ter todo o apoio da Marea de Vigo, incluso se hai que ir rozando, como digo eu, a legalidade porque sabemos que moitas veces ponse enriba da mesa moitas trabas para que as administracións públicas poidan gañarlle a batalla nas concesións ás empresas privadas, se hai confrontar tamén cos grupos de avogados que mande esta empresa, se hai que confrontarse cos intereses do capital e todas esas cuestións que teñen que ver con como funcionan estas empresas porque non é un problema exclusivamente de Vigo como actúa Dornier, vai ter o apoio o Alcalde e o grupo de goberno deste grupo municipal da Marea de Vigo porque consideramos que agora, dende logo hai que facer valer o acordo do Pleno e as declaracións do Alcalde, agora xa estamos nunha situación de desobediencia absoluta da concesionaria, figura así e polo tanto, gustaríanos que de maneira inmediata, que non posterguemos máis, creo que é unha cousa que estamos de acordo, creo que hai suficiente acordo para non postergar máis e que en base á cláusula 49 non esperemos a tódolos informes técnicos preceptivos que haxa case unha bula papal, que se aplique xa, que traballadoras/es poidan saír aquí coa certeza de que a fin de semana a folga está levantada, que volvan ao seu posto de traballo e esta vez hai autoridade pública actuando sobre unha concesión que como digo é un servizo público importante nesta cidade iso hai que ver o colapso absoluto dunha cuestión que a xente que paga o abono anual pois obviamente tamén que facer valer o seu dereito e non teñen agora mesmo sitio onde aparcar, por tanto esas cuestións que non son menores, sabemos que teñen un prazo pero cremos que o prazo xa está absolutamente traspasado, que debe ser unha cuestión inmediata, exercer esa cláusula con toda rapidez que creo que non é unha cuestión de impago de salarios como cando tivéramos a Linorsa, non hai unha cuestión menor aquí, hai unha cuestión de extrema gravidade para que secuestremos e extingamos automaticamente a concesión, que se nomee a un funcionario, incluso nos vale un concelleiro, unha persoa que se encargue de

garantir o pago de nóminas, o cumprimento da subrogación dos traballadores e aínda que volvan, que sabemos que van volver eses traballadores, Dornier non volva a contratar publicamente.

SR. LÓPEZ FONT: O primeiro quero reiterar o noso apoio aos traballadores, llo estamos a manifestar no día a día, en tódolos avatares que están a xurdir e se manifestou dunha forma contundente no pasado Pleno e por parte do Alcalde, pero este tema hai que solucionalo con rigor, non con fórmulas máxicas, nin con rescates, nin secuestros, senón que hai que facer as cousas con rigor, porque Sr. Pérez Correa, haberá que facer os informes técnicos que sexan necesarios e logo se di que se resolva en dous días, claramente hai unha contradición.

Esta moción é unha mistura que quere apuntarse o que estamos facendo Sra. Muñoz, dende o 7 de agosto de 2018, porque fala vostede de palabras baleiras de feitos, o expediente e está aí, arrancou o 7 de agosto, respectouse o período de conciliación que pediron os traballadores, polo tanto estamos actuando dende o rigor e non alegremente, o primeiro, a adxudicación foi pola Mesa de Contratación, dentro da absoluta legalidade e sen recursos, non demos bazas a quen non as merece e a quen quere que se caia nesa trampa e tamén lembro que foi no ámbito da anterior Lei de contratos e por non poder estenderme, todos saben o que significa, e ninguén manifestou nin recurso nin alegación, porque señores da oposición, Partido Popular e Marea de Vigo, a Mesa de Contracción vincula a todos, aos que traballamos para que saian os expedientes e as contratacións pero tamén aos ausentes, vincula absolutamente a todos, aos que facemos o que nos corresponde e aos que fan desleixo da súa obriga e eu quero que os traballadores, os principais prexudicados saiban que o Partido Popular lles está a mentir, falan na moción dunha acta do 14 de novembro ao que asistiu o Sr. Fidalgo, nesta reunión non se decidiu a orde de clasificación, falábase duns informes sobre uns postes, e a Mesa de Contratación decidiu a clasificación un 14 tamén, pero de decembro, e a esta reunión non asistiu o Sr. Fidalgo e o Sr. Fidalgo nin ninguén do Partido Popular manifestou ningunha alegación sobre o informe económico, polo tanto, isto que quede absolutamente claro porque cando na exposición de motivos parece dicirse que se opuxeron á contratación o 14 de novembro, é absolutamente falso e como estamos tódolos días cos traballadores lles ensinaremos, aínda que creo que xa as

coñecen, as actas do 14 de novembro e 14 de decembro. Isto hai que traballalo con rigor, non se pode facer ningún tipo de especulación porque ademais o que faga algún tipo de especulación que non sexa legal ou rozando a legalidade como di o Sr. Pérez Correa, está incitando a adoptar decisións que non sexan legais. Nos reiteramos, as cartas de despedidos son incumprimento do contrato e esa é a vía na que temos que actuar, as relacións laborais si é verdade que corresponden á empresa e traballadores pero non estamos falando diso, estamos falando e o dixen aquí dende o primeiro día dun incumprimento do contrato que nos corresponde a nós que asinamos e á empresa e estamos actuando dende a legalidade, dende o primeiro momento e somos a mellor garantía da adopción dun acordo legal e lle quero dicir aos traballadores que isto vaise solucionar pola acción deste goberno, non por fórmulas máxicas que poidan ter nin Partido Popular nin Marea de Vigo e chamo ao rigor nese sentido, porque saben unha cousa? Non queremos que nos pase o que lle pasou ao goberno do Partido Popular, falaba a Sra. Muñoz dunha cronoloxía de recursos e demais, isto arranca no 2016 cunha concesión do Partido Popular que foi tumbada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo Constitucional e saben o que pasa que nós non queremos que nos pase iso, non queremos adoptar un acordo en favor dunha determinada decisión que mañá poida pasarnos factura legalmente e non podemos apoiar esta moción por unha sinxela razón da que non se deu conta quen a redactou e é que non podemos dicir e aprobar unha resolución dun expediente porque alguén podería dicir que isto é prevaricación, o expediente está en trámite, ten a máxima celeridade, vaise solucionar pero iso si dentro da legalidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Font, que está vostede tendo que facer un papelón que é considerable.

Mire, o que están facendo vostedes é ir en contra dos traballadores, eses que dicían vostedes que eran os primeiros, que ían estar ao carón dos traballadores, esa medalla que sempre que se quere poñer o Partido Socialista, pois agora aos feitos nos remitimos están a facer exactamente o contrario.

PRESIDENCIA: Señor concelleiro deixemos falar agora, imos continuar co debate que é un tema importante, sigamos escoitando.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu comprendo que a este goberno lle gusta pouco escoitar opinións contrarias pero ao menos aquí teno que facer, o Sr. Alcalde e a Presidenta da Deputación de Pontevedra márchanse, fan un exercicio de soberbia e ven o respecto que teñen ao Pleno e aos traballadores pero aquí vostedes polo menos terán que escoitalo porque un goberno que coñece perfectamente a situación e que lle adxudica coa máxima puntuación a Dornier non lle está facendo ningún favor a ninguén porque vostedes eliminaron coas humanizacións máis un 20% das prazas de ORA existentes inicialmente das 2.800 iniciais, iso non é ir a favor dos traballadores, dende logo esa non é a forma que teñen de garantir o emprego aos traballadores, quitarlles traballo e aceptar ofertas que nos levan ao paro.

PRESIDENCIA: Imos escoitar, respectemos e escoitemos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: En definitiva ao que temos que estar é aos feitos e non ás palabras, insisto, señores do goberno municipal, e os seus feitos foron en contra dos traballadores de Dornier, en contra dos 8 traballadores despedidos e de toda o cadro que neste momento está nesa situación porque non se pode adxudicar a unha empresa así o contrato, porque non se pode agora permitir que esta situación se manteña porque hai moitas razóns para rescindir de forma inmediata o contrato e para intervir o servizo, porque incumpriron o prego despedindo aos traballadores cando se comprometeron a subrogar a todo o persoal e se comprobou que vulneraron o dereito a liberdade sindical, cando incumpriron o prazo de tres meses para poñer en marcha o servizo, pero que máis razóns queren, dentro da legalidade por suposto, teñen vostedes tódalas bazas ao seu favor para tomar unha decisión e hai un motivo en non sabemos cal é polo que non queren facer e vostedes deixan as concesionarias campar as súas anchas nesta cidade, non sabemos que é que teñen que esconder. En definitiva, o que vimos a pedir aquí, unha vez máis, é que se poñan do carón da xente, que se poñan do lado dos traballadores, que pensen nos 8 traballadores despedidos e nas súas familias e que pensen en tódolos traballadores de Dornier e que tomen medidas, que se deixen de palabras, que se deixen de demagoxias, de palabras baleiras, de dicirlles que están con eles e pecharlles a porta do despacho, dun

Alcalde ausente cando veñen aquí, a trasladarlle un problema que están sen traballar, que están en folga e que están sen cobrar, que están defendendo os seus dereitos e vostedes lles tratan así como se foran parvos, parvos non son, os vigueses non son parvos e imos esixir os nosos dereitos e nós polo menos si que temos claro que imos estar do lado dos traballadores e do carón dos vigueses.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda de engádega presentada polo grupo de Marea de Vigo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Aceptámola.

PRESIDENCIA: Queda incorporada a emenda, pasamos á votación da moción.

VOTACIÓN: Con 8 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstención queda rexeitada.

No transcurso do debate, o veceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, p0resenta a seguinte emenda de engádeda:

3.- Instar ao Goberno Local a iniciar de inmediato a cláusula 49ª do prego concesional sobre o secuestro e extinción da concesión, co fin de garantir un servizo público paralizado dende hai semanas.

Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Muñoz Fonteriz, a Presidencia somete a votación a moción coa emenda de engádeda.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do titular; así mesmo atópanse ausentes o Sr. Aneiros Pereira e a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias

González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.09.2018 (Rex. Nº 1874/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo, coa engádeda da emenda.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

13(180).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á SOTERRAMENTOS ILEGAIS NO MONTE GORXAL.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que se faga valer o acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo, de 20 de xuño do 2017, que resolvía unhas obras ilegais de soterramentos no Monte Gorxal feita pola comunidade de montes de Santa María de Cabral e que se seguen a día de hoxe facéndose e polo tanto, que tal como figuran no punto terceiro da resolución se poña en mans da fiscalía de Vigo un delito de desobediencia por parte desta comunidade de montes.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogos.

14(181).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, REFERENTE Á VIXILANCIA NA RÚA GAMBOA E REDORES.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Rogaría que se intensifique a vixilancia na zona da rúa

Gamboa e arredores, pola rúa Carral porque hai pintadas en zonas de hostalería, xa durante momentos reiterativos e ten que haber unha convivencia entre ocio entre as persoas, rogo que se intensifique a vixilancia por esa zona.

15(182).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, REFERENTE Á UBICACIÓN DUNHA PARADA DE BUS EN ALCABRE.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Queríamos rogar que puxeran unha parada de Vitrasa máis preto ao asilo que hai en Alcabre ás “Hermanitas dos Desamparados” porque creo que xa o pediron varias veces ter unha parada máis preto e a máis próxima é na Avenida de Europa, e lles queda bastante lonxe.

PRESIDENCIA: Leva esta goberno bastantes meses vendo coas asociacións de veciños da zona e cos propios usuarios do albergue a ubicación porque é un camiño estreito e ver de que forma se pode solucionar.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16(183).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ REFERENTE AO APARCADOIRO GRATUÍTO NO ÁLVARO CUNQUEIRO.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Considera o goberno municipal que abrir un aparcadoiro gratuítto no Álvaro Cunqueiro é ser muleta do Sr. Feijóo, tal e como expresaba no Pleno do 8 de setembro do 2015?.

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito.

17(184).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, REFERENTE Á PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN DO CAMIÑO FONTES.

SR. GAGO BUGARÍN: Hai un ano aproximadamente preguntei neste Pleno municipal sobre a pavimentación e a humanización do Camiño Fontes, na contorna de Samil, polas fochancas, polo risco de atropelo para os residentes, naquel día o tenente alcalde hoxe delegado da Zona Franca o Sr. Regades, dixo que estaba planificada a actuación que se ía facer de inmediato, a pregunta é, un ano máis tarde, preguntamos pola actuación de pavimentación e humanización do Camiño Fontes na contorna de Samil, se se vai facer ou non, porque os veciños están preocupados, están preguntando e están un pouco fartos xa, despois de once anos, dunha promesa incumplida.

PRESIDENCIA: Gústame como vostede sabe, eu son o substituto na área de Fomento do Sr. Regades e gústame ver que teñen vostedes tanto trato cos veciños, non se reflicte logo cando ten que reflectirse, pero é importante saber que vostede din que teñen moito trato. Contestarémolle por escrito porque seguramente dentro da gran cantidade de humanizacións e obras que hai en marcha xa estará pensado iso.

18(185).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, REFERENTE Á RETIRA DE NIÑOS DE AVESPAS VELUTINAS .

SR. FIDALGO IGLESIAS: Simplemente preguntar ao goberno municipal por que se cambiou o mecanismo de retirada dos niño das avespa velutinas porque agora parece ser que hai que enviar unha foto do niño á Policía Local, os veciños dinos que hai que enviar unha foto para que acudan os bombeiros para a súa retirada.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.